



**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE
RIVEIRA O DÍA 22 DE FEBREIRO DO 2018.**

ASISTENTES:

Presidente: D. Manuel Ruiz Rivas (Alcalde) Membros que asisten: D^a María Herminia Pouso Maneiro D. Manuel Emilio Pérez Outeiral D. Antonio Javier Jesús Freire Brión D^a Elvira Pereira Ageitos D. Anxo Orellan Fernández D. Víctor Reiriz Lampón D^a María Esther Patiño Rey	Interventor: D. Pablo Bao Castro Secretario Xeral: D. Juan Manuel Salguero del Valle Membros que non asisten: -----
--	---

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Riveira, sendo as 10 horas do día vinte e dous de febreiro do dous mil dezaoito, reúnen-se os señores/as que se relacionan para celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local.

Declarada aberta a sesión pola Presidencia, pásase ao exame, deliberación e votación das propostas incluídas na orde do día desta sesión, adoptándose, por delegación da Alcaldía efectuada mediante Decreto 1 de xullo de 2015, os seguintes acordos:


I.- APROBACIÓN DE ACTAS DE SESIÓNS ANTERIORES.

Non se presenta ningunha acta para a súa aprobación.

II.- FACTURAS E PROPOSTAS DE GASTO.

A) FACTURAS.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, acorda aprobar o listado de facturas presentado polo Departamento de Intervención na data 20/02/2018, que será asinado polo secretario xeral para constancia do seu contido, e que responde ao seguinte resumo:





Número de relación	2018 – 000005
Importe total	218.933,81 €
Número de facturas	25
1ª factura.	
Emisor (Cif)	33244191Z
Importe	34,25 €
Última factura	
Emisor (Cif)	R1500069H
Importe	220,80 €

B) PROPOSTAS DE GASTO.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda** prestar a súa aprobación aos orzamentos presentados segundo as propostas que a continuación se relacionan:

Nº Proposta		1	Data	19/02/2018
SERVIZO/CONCELLERÍA		Enxeñeira Municipal-Mercados Uxía Landeira Pereira		
DESCRICIÓN DO GASTO		Aluguer de liña telefónica para ascensor montacargas do Mercado de Riveira		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	SCHINDLER, S.A.	
Informe:				
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.				
Denominación:	SCHINDLER, S.A.			
NIF/CIF:	A50001726			
Importe (IVE Incluído):	144,48 €			
Observacións:				

Nº Proposta		2	Data	16/02/2018
SERVIZO/CONCELLERÍA		Enxeñeira Municipal-Obras Uxía Landeira Pereira		
DESCRICIÓN DO GASTO		Recuamento de liña telefónica en Avenida da Coruña		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	TELFÓNICA DE ESPAÑA, S.A.U.	
Informe:				
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.				
Denominación:	TELFÓNICA DE ESPAÑA, S.A.U.			
NIF/CIF:	A82018474			
Importe (IVE Incluído).	778,31 €			
Observacións:				



CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)
Declarado Municipio Turístico Galego

Nº Proposta		3	Data	16/02/2018
SERVIZO/CONCELLERÍA		Concellería de Deportes Anxo Orellán Fernández		
DESCRICIÓN DO GASTO		Subministración hipoclorito, floculante, antialgas, incrementador e reductor do PH para a piscina municipal da Fleiteira		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	RÍO BLANCO, S.L.	
Informe:				
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.				
Denominación:	RÍO BLANCO, S.L.			
NIF/CIF:	B15424047			
Importe (IVE Incluído):	6.932,09 €			
Observacións:				

Nº Proposta		4	Data	14/02/2018
SERVIZO/CONCELLERÍA		Departamento de Servizos Sociais Comunitarios Mª Francisca Vidal Regueira		
DESCRICIÓN DO GASTO		Subministración de materiais (taboleiros, cola, berniz, pintura,...) para organización de taller de artes plásticas dentro do programa de dinamización e promoción social dos nosos maiores		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	PEPE DE ADELINO E HIJOS, S.L.	
Informe:				
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.				
Denominación:	PEPE DE ADELINO E HIJOS, S.L.			
NIF/CIF:	B15972649			
Importe (IVE Incluído):	313,80 €			
Observacións:				

Nº Proposta		5	Data	14/02/2018
SERVIZO/CONCELLERÍA		Departamento de Servizos Sociais Comunitarios Mª Francisca Vidal Regueira		
DESCRICIÓN DO GASTO		Impartición de taller de artes plásticas dentro do progarma de dinamización e promoción social dos nosos maiores		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	MARÍA DEL MAR CASTELAO FRAGA	
Informe:				
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.				
Denominación:	MARÍA DEL MAR CASTELAO FRAGA			
NIF/CIF:	44823390R			
Importe (IVE Incluído):	1.355,20 €			
Observacións:				

Nº Proposta	6	Data	15/02/2018
SERVIZO/CONCELLERÍA	Servizo de Vías e Obras José Manuel Queiruga Brión		
DESCRICIÓN DO GASTO	Subministración de materiais de fontanería para calefacción en zona de comedor do colexio de Palmeira		
Nº orzamentos	1	Provedores	ALMACENES JUAN PEGO, S.L.



aportados				
Informe:				
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.				
Denominación:		ALMACENES JUAN PEGO, S.L.		
NIF/CIF:		B15768435		
Importe (IVE Incluído):		603,77 €		
Observacións:				

Nº Proposta		7	Data	19/02/2018
SERVIZO/CONCELLERÍA		Enxeñeira Municipal-Obras Uxía Landeira Pereira		
DESCRICIÓN DO GASTO		Subministración e instalación de cuberta de panel sandwinch en edificio da Policía Local		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	OSIRIS ROMAY QUEIRUGA	
Informe:	Valoración Enxeñeira Municipal-Uxúa Landeira Pereira (20/03/2017)			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.				
Denominación:		OSIRIS ROMAY QUEIRUGA		
NIF/CIF:		53480715B		
Importe (IVE Incluído):		1.697,63 €		
Observacións:				

Nº Proposta		8	Data	14/02/2018
SERVIZO/CONCELLERÍA		Alcaldía Manuel Ruiz Rivas		
DESCRICIÓN DO GASTO		Externalización do servizo de tratamento informático, impresión e envío de notificacións da área económica municipal		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	GT3 SOLUCIONES, S.L.	
Informe:				
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.				
Denominación:	GT3 SOLUCIONES, S.L.			
NIF/CIF:	B92520451			
Importe (IVE Incluído):	12.000,00 €			
Observacións:				

Nº Proposta		9	Data	15/02/2018
SERVIZO/CONCELLERÍA		Servizo de Vías e Obras José Manuel Queiruga Brión		
DESCRICIÓN DO GASTO		Subministración de estada de aluminio para traballos en altura		
Nº orzamentos aportados	2	Provedores	- J.J. GALICIA TOOLS, S.L. - PINTURAS ISAVAL, S.L.	
Informe:				
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.				
Denominación:	J.J. GALICIA TOOLS, S.L.			
NIF/CIF:	B70388335			
Importe (IVE Incluído):	4.343,90 €			
Observacións:				



Nº Proposta		10	Data	15/02/2018
SERVIZO/CONCELLERÍA		Servizo de Vías e Obras José Manuel Queiruga Brión		
DESCRICIÓN DO GASTO		Subministración de 18 m3 de formigón árido de 20, 10 tm de area e 25 tm de zahorra (incluíndo bombeo) para obra na Rúa Asteleiro		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	HORMIGONES DE XARÁS, S.L.	
Informe:				
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.				
Denominación:	HORMIGONES DE XARÁS, S.L.			
NIF/CIF:	B15025786			
Importe (IVE Incluído):	2.623,74 €			
Observacións:				

Nº Proposta		11	Data	15/02/2018
SERVIZO/CONCELLERÍA		Servizo de Vías e Obras José Manuel Queiruga Brión		
DESCRICIÓN DO GASTO		Subministración de 18 mallas de 15x15x05 para obra na Rúa Asteleiro		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	JOSÉ MANUEL BLANCO TREUS	
Informe:				
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.				
Denominación:	JOSÉ MANUEL BLANCO TREUS			
NIF/CIF:	52459880P			
Importe (IVE Incluído):	217,80 €			
Observacións:				

Nº Proposta		12	Data	15/02/2018
SERVIZO/CONCELLERÍA		Servizo de Vías e Obras José Manuel Queiruga Brión		
DESCRICIÓN DO GASTO		Subministración de tuberías e accesorios de recollida de pluviais para obra na Rúa Asteleiro		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	PEPE DE ADELINO E HIJOS, S.L.	
Informe:				
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.				
Denominación:	PEPE DE ADELINO E HIJOS, S.L.			
NIF/CIF:	B15972649			
Importe (IVE Incluído):	1.724,65 €			
Observacións:				

Nº Proposta	13	Data	15/02/2018
SERVIZO/CONCELLERÍA	Servizo de Vías e Obras José Manuel Queiruga Brión		
DESCRICIÓN DO GASTO	Traballos de pulido de 120 m2 de formigón e corte de xuntas para obra na Rúa Asteleiro		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	MANUEL LEMA RIOBOO
Informe:			



CONCELLO
DE
R I V E I R A
(A CORUÑA)
Declarado Municipio Turístico Galego

PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.		
Denominación:	MANUEL LEMA RIOBOO	
NIF/CIF:	76342084R	
Importe (IVE Incluído):	726,00 €	
Observacións:		

Nº Proposta	14	Data	20/02/2018
SERVIZO/CONCELLERÍA	Enxeñeira Municipal-Obras Uxía Landeira Pereira		
DESCRICIÓN DO GASTO	Subministración de tubo PVC corrugado de 315 mm para instalación e reposición tuberías pluviais en diversos puntos do concello		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	ABN PIPE ABASTECIMIENTOS, S.A.
Informe:			

PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.		
Denominación:	ABN PIPE ABASTECIMIENTOS, S.A.	
NIF/CIF:	A15149271	
Importe (IVE Incluído):	1.530,63 €	
Observacións:		

Nº Proposta	15	Data	20/02/2018
SERVIZO/CONCELLERÍA	Departamento de Comunicación-Alcaldía Abdón Dorca Santos		
DESCRICIÓN DO GASTO	Colaboración na organización do Foro da Voz de Galicia sobre peatonalización, a celebrar o día 01/03/2018 no C.C. Lustres Rivas		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	LA VOZ DE GALICIA, S.A.
Informe:			

PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.		
Denominación:	LA VOZ DE GALICIA, S.A.	
NIF/CIF:	A15000649	
Importe (IVE Incluído):	5.082,00 €	
Observacións:		

Nº Proposta		16	Data	19/02/2018
SERVIZO/CONCELLERÍA		Concellería de Parque Natural e Medio Ambiente Elvira Pereira Ageitos		
DESCRICIÓN DO GASTO		Traballos de limpeza e desbroce en parcela municipal en Coroso (Lindeira coa Escola Náutico Pesqueira)		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	VÍAS Y SERVICIOS GENERALES, S.L.	
Informe:				
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.				
Denominación:	VÍAS Y SERVICIOS GENERALES, S.L.			
NIF/CIF:	B15555923			
Importe (IVE Incluído):	853,05 €			
Observacións:				




CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Nº Proposta		17	Data	15/02/2018
SERVIZO/CONCELLERÍA		Concellería de Benestar Comunitario Antonio Freire Brión		
DESCRICIÓN DO GASTO		Subministración de materiais para reposición e mantemento de cemiterios		
Nº orzamentos aportados	2	Provedores	- FERRETERÍA BRIÓN, S.L. - VÍCTOR MANUEL PAZ ROMAY	
Informe:				
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.				
Denominación:	FERRETERÍA BRIÓN, S.L.			
NIF/CIF:	B70474747			
Importe (IVE Incluído):	1.292,26 €			
Observacións:				

Nº Proposta		18	Data	19/02/2018
SERVIZO/CONCELLERÍA		Concellería de Cultura Mª Herminia Pouso Maneiro		
DESCRICIÓN DO GASTO		Subministración de materiais de serigrafía e imprenta para as exposicións “Tubos Animados” e Horizontes de Mar e Memoria” no C.C.Lustres Rivas		
Nº orzamentos aportados	3	Provedores	- DOSTEX, S.L. - SANYG ARTES GRÁFICAS, S.C. - FRANCISCO J. BESADA MOLINA	
Informe:				
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.				
Denominación:	DOSTEX, S.L.			
NIF/CIF:	B15944002			
Importe (IVE Incluído):	595,60 €			
Observacións:				

Nº Proposta		19	Data	19/02/2018
SERVIZO/CONCELLERÍA		Concellería de Cultura Mª Herminia Pouso Maneiro		
DESCRICIÓN DO GASTO		Autorización de gastos en concepto de imprevistos co motivo da celebración das exposicións “Tubos Animados” e Horizontes de Mar e Memoria” no C.C.Lustres Rivas		
Nº orzamentos aportados		Provedores		
Informe:				
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.				
Denominación:				
NIF/CIF:				
Importe:	100,00 €			
Observacións:	Asímesmo, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, acorda autorizar a celebración das exposicións “Tubos Animados” e Horizontes de Mar e Memoria” no C.C.Lustres Rivas			





III.- CONTRATACIÓN.

1.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE “INSTALACIÓN DE REDE DE SANEAMENTO EN CAMIÑOS DE CRISTAL E IGREXA (OLVEIRA)”.

Visto o expediente que se tramita para contratar as obras de “Instalación de rede de saneamento en camiños de Cristal e Igrexa (Olveira)”.

O investimento foi incluído no “Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de Competencia Municipal (Plan Único de Concellos) POS+ 2017”, aprobado polo Pleno da Excm. Deputación Provincial da Coruña en sesión extraordinaria realizada na data 08/06/2017, segundo a Circular que tivo entrada no Rexistro Xeral deste Concello na data 14/06/2017, co número 10.251, e que foi declarado definitivamente aprobado por Resolución da Presidencia da Deputación que tivo entrada no Rexistro Xeral deste Concello na data 07/07/2017, co número 11.819.

Constan no expediente os seguintes documentos:

- 1.- Proxecto técnico redactado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data decembro/2016, cun orzamento total de licitación de 63.946,61 euros (orzamento base: 52.848,44 euros; IVE 21%: 11.098,17 euros), e cun prazo de execución de 2 meses.
- 2.- Informe técnico de viabilidade urbanística asinado polo arquitecto municipal Alberto Iglesias Fungueiriño na data 10/02/2017, no que manifesta que os terreos sobre os que se localizan as obras obxecto de intervención afectan a viais integrados dentro da maia do viario municipal; que se integran dentro dun ámbito clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural; que a natureza das obras axústanse ás legalmente permitidas, tanto polo planeamento municipal vixente como pola lexislación urbanística e de protección do medio rural; e que non se precisa de autorización sectorial ningunha.
- 3.- Informe técnico sobre o investimento asinado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 10/02/2017, no que manifesta que as actuacións proxectadas non precisan de autorizacións nin de informes doutros organismos da administración; que non é necesario realizar a supervisión do proxecto, xa que o seu importe non é superior a 350.000,00 euros e non se trata de obras que afecten a estabilidade, seguridade ou estanquidade da obra; que as obras proxectadas constitúen unha obra completa susceptible de ser entregada ao uso público, sen prexuízo de posteriores melloras en proxectos independentes; e que o proxecto conta cun Anexo de xeoloxía e xeotecnia, adecuado para a tipoloxía da obra, non sendo preciso realizar ningún outro informe xeotécnico complementario ao mesmo.
- 4.- Informe técnico-xurídico sobre a dispoñibilidade dos terreos, asinado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira e polo secretario xeral Juan Manuel Salguero del Valle, no que manifestan que o proxecto contempla a



instalación de redes de saneamento na parroquia de Olveira, en concreto nun camiño do lugar de Cristal e outro na Igrexa, sendo ambos de uso público e titularidade municipal; e que o concello conta coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución do investimento citado.

- 5.- Certificado do acordo adoptado polo Pleno da Corporación Municipal en sesión celebrada na data 20/02/2017, polo que se aproba participar no Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de Competencia Municipal (Plan Único de Concellos) POS+ 2017 (base e complementario), os proxectos a incluír no Plan, e demais acordos que no mesmo constan.
- 6.- Acta de Replanteo previo das obras a que se refire o artigo 126.1 do TRLCSP, asinada en sentido favorable pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 09/02/2018, logo de manifestar a comprobación sobre o terreo da realidade xeométrica da obra, así como a dispoñibilidade dos terreos precisos para a súa execución, constatando a conformidade e a viabilidade técnica do dito proxecto.
- 7.- Proposta de contratación asinada pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 12/02/2018 e conformada polo alcalde Manuel Ruiz Rivas.
- 8.- Documento contable "RC" expedido polo interventor Pablo Bao Castro na data 12/02/2018 (número de operación 2018 22001145), de retención de créditos con cargo á aplicación orzamentaria 160.609.03.
- 9.- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación das obras por procedemento aberto, con un único criterio de valoración (factor prezo). Por se tratar dun proxecto incluído nun Plan Provincial, é de aplicación neste expediente o prego-tipo de cláusulas administrativas particulares aprobado polo Pleno da Excm. Deputación Provincial da Coruña en sesión celebrada na data 30/12/2015, que foi publicado integramente no Boletín Oficial da Provincia número 3, da data 07/01/2016.
- 10.- Informe xurídico emitido polo secretario xeral Juan Manuel Salguero del Valle na data 19/02/2018, no que conclúe informando favorablemente o expediente de contratación.
- 11.- Informe de fiscalización previa (gastos) emitido polo interventor Pablo Bao Castro na data 19/02/2018, no que conclúe informando favorablemente o expediente.

O contrato ten a cualificación de contrato administrativo de obras, tal e como establecen os artigos 6 e 19 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).

Vistos os artigos 110 e 115 do TRLCSP.

Vista a Disposición Adicional segunda do TRLCSP.



A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 01/07/2015, **adopta os seguintes acordos:**

PRIMEIRO.- Aprobación o expediente de contratación para realizar as obras de “**Instalación de rede de saneamento en camiños de Cristal e Igrexa (Olveira)**”, segundo o proxecto redactado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data decembro/2016, cun orzamento total de licitación de 63.946,61 euros (orzamento base: 52.848,44 euros; IVE 21%: 11.098,17 euros), e cun prazo de execución de 2 meses.

SEGUNDO.- Aprobación o Prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación das obras por procedemento aberto, con un único criterio de adxudicación (factor prezo).

TERCEIRO.- Aprobación o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 160.609.03.

CUARTO.- Dispoñer a apertura do expediente de adxudicación por procedemento aberto, con un único criterio de adxudicación (factor prezo).

QUINTO.- Conforme establece a cláusula 10.1.a do Prego de cláusulas administrativas particulares, e de acordo cos artigos 142 e 53 do TRLCSP, por se tratar dun contrato non suxeito a regulación harmonizada, a licitación anunciarase no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, no Perfil de Contratante do Concello de Riveira, e nun dos diarios de maior tirada na Comunidade Autónoma de Galicia.

2.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE “INSTALACIÓN DE POZO DE BOMBEO E REDE DE SANEAMENTO E PLUVIAIS EN RÚA DAS REVALEIRAS (PALMEIRA)”.

Visto o expediente que se tramita para contratar as obras de “**Instalación de pozo de bombeo e rede de saneamento e pluviais en rúa das Revaleiras (Palmeira)**”.

O investimento foi incluído no “**Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de Competencia Municipal (Plan Único de Concellos) POS+ 2017**”, aprobado polo Pleno da Excm. Deputación Provincial da Coruña en sesión extraordinaria realizada na data 08/06/2017, segundo a Circular que tivo entrada no Rexistro Xeral deste Concello na data 14/06/2017, co número 10.251, e que foi declarado definitivamente aprobado por Resolución da Presidencia da Deputación que tivo entrada no Rexistro Xeral deste Concello na data 07/07/2017, co número 11.819.


Constan no expediente os seguintes documentos:

- 1.- Proxecto técnico redactado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data xaneiro/2017, cun orzamento total de licitación de 67.755,50 euros (orzamento base: 55.996,28 euros; IVE 21%: 11.759,22 euros), e cun prazo de



execución de 3 meses.

- 2.- Informe técnico de viabilidade urbanística asinado polo arquitecto municipal Alberto Iglesias Fungueiriño na data 10/02/2017, no que manifesta que os terreos sobre os que se localizan as obras obxecto de intervención afectan a viais integrados dentro da maia do viario municipal; que os mesmos intégranse dentro dun ámbito clasificado polo PXOM como solo urbano; que a natureza das obras axústanse ás legalmente permitidas, tanto polo planeamento municipal vixente como pola lexislación urbanística e de protección do medio rural; e que non se precisa de autorización sectorial ningunha.
- 3.- Informe técnico sobre o investimento asinado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 16/02/2017, no que manifesta que as actuacións proxectadas non precisan de autorizacións nin de informes doutros organismos da administración; que non é necesario realizar a supervisión do proxecto, xa que o seu importe non é superior a 350.000,00 euros e non se trata de obras que afecten a estabilidade, seguridade ou estanquidade da obra; que as obras proxectadas constitúen unha obra completa susceptible de ser entregada ao uso público, sen prexuízo de posteriores melloras en proxectos independentes; e que o proxecto conta cun Anexo de xeoloxía e xeotecnia, adecuado para a tipoloxía da obra, non sendo preciso realizar ningún outro informe xeotécnico complementario ao mesmo.
- 4.- Certificado do acordo adoptado polo Pleno da Corporación Municipal en sesión celebrada na data 20/02/2017, polo que se aproba participar no Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de Competencia Municipal (Plan Único de Concellos) POS+ 2017 (base e complementario), os proxectos a incluír no Plan, e demais acordos que no mesmo constan.
- 5.- Decreto da Alcaldía da data 28/04/2017, de emenda da deficiencia atopada no orzamento do proxecto.
- 6.- Certificado do acordo adoptado polo Pleno da Corporación Municipal en sesión celebrada na data 29/05/2017, polo que se ratifica o Decreto da Alcaldía da data 28/04/2017, de emenda da deficiencia atopada no orzamento do proxecto.
- 7.- Informe técnico-xurídico sobre a dispoñibilidade dos terreos, asinado na data 02/05/2017 pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira e polo secretario xeral Juan Manuel Salguero del Valle, no que manifestan que o proxecto contempla a instalación dun bombeo, dunha liña de saneamento e outra de pluviais dun camiño no lugar de Revaleiras, sendo este camiño de uso público e titularidade municipal; que está prevista a ampliación do camiño mediante o retranqueo de dous muros existentes, para o que o concello formalizou dúas cesións cos propietarios das fincas afectadas (segundo consta en escrituras de segregación e cesión gratuíta); e que o concello conta coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución do investimento citado.





- 8.- Acta de Replanteo previo das obras a que se refire o artigo 126.1 do TRLCSP, asinada en sentido favorable pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 09/02/2018, logo de manifestar a comprobación sobre o terreo da realidade xeométrica da obra, así como a dispoñibilidade dos terreos precisos para a súa execución, constatando a conformidade e a viabilidade técnica do dito proxecto.
- 9.- Proposta de contratación asinada pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 14/02/2018 e conformada polo alcalde Manuel Ruiz Rivas.
- 10.- Documento contable "RC" expedido polo interventor Pablo Bao Castro na data 15/02/2018 (número de operación 2018 22001561), de retención de créditos con cargo á aplicación orzamentaria 160.609.02.
- 11.- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación das obras por procedemento aberto, con un único criterio de valoración (factor prezo). Por se tratar dun proxecto incluído nun Plan Provincial, é de aplicación neste expediente o prego-tipo de cláusulas administrativas particulares aprobado polo Pleno da Excma. Deputación Provincial da Coruña en sesión celebrada na data 30/12/2015, que foi publicado integramente no Boletín Oficial da Provincia número 3, da data 07/01/2016.
- 12.- Informe xurídico emitido polo secretario xeral Juan Manuel Salguero del Valle na data 19/02/2018, no que conclúe informando favorablemente o expediente de contratación.
- 13.- Informe de fiscalización previa (gastos) emitido polo interventor Pablo Bao Castro na data 19/02/2018, no que conclúe informando favorablemente o expediente.

O contrato ten a cualificación de contrato administrativo de obras, tal e como establecen os artigos 6 e 19 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).

Vistos os artigos 110 e 115 do TRLCSP.

Vista a Disposición Adicional segunda do TRLCSP.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 01/07/2015, **adopta os seguintes acordos:**

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación para realizar as obras de "Instalación de pozo de bombeo e rede de saneamento e pluviais en rúa das Revaleiras (Palmeira)", segundo o proxecto redactado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data xaneiro/2017, cun orzamento total de licitación de 67.755,50 euros (orzamento base: 55.996,28 euros; IVE 21%: 11.759,22 euros), e cun prazo de execución de 3 meses.

SEGUNDO.- Aprobar o Prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación das obras por procedemento aberto, con un único criterio de



adxudicación (factor prezo).

TERCEIRO.- Aprobar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 160.609.02.

CUARTO.- Dispoñer a apertura do expediente de adxudicación por procedemento aberto, con un único criterio de adxudicación (factor prezo).

QUINTO.- Conforme establece a cláusula 10.1.a do Prego de cláusulas administrativas particulares, e de acordo cos artigos 142 e 53 do TRLCSP, por se tratar dun contrato non suxeito a regulación harmonizada, a licitación anunciárase no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, no Perfil de Contratante do Concello de Riveira, e nun dos diarios de maior tirada na Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE “RENOVACIÓN DAS LIÑAS DE SANEAMENTO E PLUVIAIS E PAVIMENTACIÓN DA RÚA PRADO, DA RÚA ROCAPELLÓN E DA RÚA CAMPO DA AGRA (CORRUBEDO)”.

Visto o expediente que se tramita para contratar as obras de “Renovación das liñas de saneamento e pluviais e pavimentación da rúa Prado, da rúa Rocapellón e da rúa Campo da Agra (Corrubedo)”.

O investimento foi incluído no “Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de Competencia Municipal (Plan Único de Concellos) POS+ 2017”, aprobado polo Pleno da Excm. Deputación Provincial da Coruña en sesión extraordinaria realizada na data 08/06/2017, segundo a Circular que tivo entrada no Rexistro Xeral deste Concello na data 14/06/2017, co número 10.251, e que foi declarado definitivamente aprobado por Resolución da Presidencia da Deputación que tivo entrada no Rexistro Xeral deste Concello na data 07/07/2017, co número 11.819.

Constan no expediente os seguintes documentos:

- 1.- Proxecto técnico redactado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data xaneiro/2017, cun orzamento total de licitación de 54.613,70 euros (orzamento base: 45.135,29 euros; IVE 21%: 9.478,41 euros), e cun prazo de execución de 3 meses.
- 2.- Informe técnico de viabilidade urbanística asinado polo arquitecto municipal Alberto Iglesias Fungueiriño na data 26/01/2017, no que manifesta que os terreos sobre os que se localizan as obras obxecto de intervención, que afectan á rede viaria de titularidade municipal; intégranse dentro dun ámbito clasificado polo PXOM como solo urbano consolidado; que a natureza das obras axústanse ás legalmente permitidas, tanto polo planeamento municipal vixente como pola lexislación urbanística e de protección do medio rural; e que resulta preceptiva e autorización sectorial da Delegación Provincial de Urbanismo/Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (Costas de Galicia), por estar afectado parte do tramo pola servidume de Costas.



- 3.- Informe técnico sobre o investimento asinado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 13/02/2017, no que manifesta que os terreos onde se localizan as obras están clasificados segundo o PXOM como solo urbano consolidado; que está en zona de servidume de Costas, polo que é precisa autorización sectorial da Delegación Provincial de Urbanismo/Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (Costas de Galicia); que non é necesario realizar a supervisión do proxecto, xa que o seu importe non é superior a 350.000,00 euros e non se trata de obras que afecten a estabilidade, seguridade ou estanquidade da obra; que as obras proxectadas constitúen unha obra completa susceptible de ser entregada ao uso público, sen prexuízo de posteriores melloras en proxectos independentes; e que o proxecto conta cun Anexo de xeoloxía e xeotecnia, adecuado para a tipoloxía da obra, non sendo preciso realizar ningún outro informe xeotécnico complementario ao mesmo.
- 4.- Informe técnico-xurídico sobre a dispoñibilidade dos terreos, asinado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira e polo secretario xeral Juan Manuel Salguero del Valle, no que manifestan que os terreos onde se localizan as obras están clasificados segundo o PXOM como solo urbano consolidado; que está en zona de servidume de Costas, polo que é precisa autorización sectorial da Delegación Provincial de Urbanismo/Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (Costas de Galicia); e que o concello conta coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución do investimento citado.
- 5.- Informe xustificativo de que o investimento a realizar terá unha vida útil moi superior aos 5 anos, asinado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 13/02/2017.
- 6.- Certificado do acordo adoptado polo Pleno da Corporación Municipal en sesión celebrada na data 20/02/2017, polo que se aproba participar no Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de Competencia Municipal (Plan Único de Concellos) POS+ 2017 (base e complementario), os proxectos a incluír no Plan, e demais acordos que no mesmo constan.
- 7.- Notificación da Resolución da Directora Xeral de ordenación do territorio e urbanismo, da data 20/10/2017, pola que se autoriza a realización das obras (que tivo entrada neste Concello na data 30/10/2017, co número 17.310).
- 8.- Informe asinado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 31/10/2017, no que manifesta que o proxecto axústase ás condicións establecidas no informe emitido polo Servizo de Urbanismo da Xefatura Territorial da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.
- 9.- Acta de Replanteo previo das obras a que se refire o artigo 126.1 do TRLCSP, asinada en sentido favorable pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 09/02/2018, logo de manifestar a comprobación sobre o terreo da realidade xeométrica da obra, así como a dispoñibilidade dos terreos precisos para a súa execución, constatando a conformidade e a viabilidade



técnica do dito proxecto.

- 10.- Proposta de contratación asinada pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 12/02/2018 e conformada polo alcalde Manuel Ruiz Rivas.
- 11.- Certificado expedido polo interventor Pablo Bao Castro na data 14/02/2018, de existencia de crédito no orzamento prorrogado con cargo á aplicación orzamentaria 160.619.04.
- 12.- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación das obras por procedemento aberto, con un único criterio de valoración (factor prezo). Por se tratar dun proxecto incluído nun Plan Provincial, é de aplicación neste expediente o prego-tipo de cláusulas administrativas particulares aprobado polo Pleno da Excm. Deputación Provincial da Coruña en sesión celebrada na data 30/12/2015, que foi publicado integramente no Boletín Oficial da Provincia número 3, da data 07/01/2016.
- 13.- Informe xurídico emitido polo secretario xeral Juan Manuel Salguero del Valle na data 19/02/2018, no que conclúe informando favorablemente o expediente de contratación.
- 14.- Informe de fiscalización previa (gastos) emitido polo interventor Pablo Bao Castro na data 19/02/2018, no que conclúe informando favorablemente o expediente.

O contrato ten a cualificación de contrato administrativo de obras, tal e como establecen os artigos 6 e 19 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).

Vistos os artigos 110 e 115 do TRLCSP.

Vista a Disposición Adicional segunda do TRLCSP.


A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 01/07/2015, **adopta os seguintes acordos:**

PRIMEIRO.- Aprobado o expediente de contratación para realizar as obras de “Renovación das liñas de saneamento e pluviais e pavimentación da rúa Prado, da rúa Rocapellón e da rúa Campo da Agra (Corrubedo)”, segundo o proxecto redactado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data xaneiro/2017, cun orzamento total de licitación de 54.613,70 euros (orzamento base: 45.135,29 euros; IVE 21%: 9.478,41 euros), e cun prazo de execución de 3 meses.

SEGUNDO.- Aprobado o Prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación das obras por procedemento aberto, con un único criterio de adxudicación (factor prezo).

TERCEIRO.- Aprobado o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 160.609.03.

CUARTO.- Dispoñer a apertura do expediente de adxudicación por procedemento aberto, con un único criterio de adxudicación (factor prezo).





QUINTO.- Conforme establece a cláusula 10.1.a do Prego de cláusulas administrativas particulares, e de acordo cos artigos 142 e 53 do TRLCSP, por se tratar dun contrato non suxeito a regulación harmonizada, a licitación anunciárase no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, no Perfil de Contratante do Concello de Riveira, e nun dos diarios de maior tirada na Comunidade Autónoma de Galicia.

4.- CLASIFICACIÓN DAS OFERTAS E REQUIRIMENTO DE DOCUMENTACIÓN, PARA A ADXUDICACIÓN DO CONTRATO PARA EXECUTAR AS OBRAS DO PROXECTO DENOMINADO “REPARACIÓN E MELLORA DO CORPO DE ASEOS DA BIBLIOTECA MUNICIPAL (RIVEIRA)”

Visto o expediente que se tramita para contratar as obras do proxecto denominado “Reparación e mellora do corpo de aseos da Biblioteca municipal (Riveira)”, cun orzamento total de licitación de 30.087,73 euros (orzamento base: 24.865,89 euros; IVE 21%: 5.221,84 euros) e un prazo de execución de 3 meses.

O investimento foi incluído no “Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de Competencia Municipal (Plan Único de Concellos) POS+ 2017”, aprobado polo Pleno da Excm. Deputación Provincial da Coruña en sesión extraordinaria realizada na data 08/06/2017, segundo a Circular que tivo entrada no Rexistro Xeral deste Concello na data 14/06/2017, co número 10.251, e que foi declarado definitivamente aprobado por Resolución da Presidencia da Deputación que tivo entrada no Rexistro Xeral deste Concello na data 07/07/2017, co número 11.819.

O proxecto técnico, redactado polo arquitecto municipal Alberto Iglesias Fungueiriño na data xaneiro/2017, foi aprobado por acordo adoptado polo Pleno da Corporación Municipal na súa sesión da data 20/02/2017 e foi emendado da deficiencia atopada no orzamento do proxecto mediante decreto da alcaldía de data 28/04/2017 (que se ratificou por acordo adoptado polo Pleno da Corporación Municipal na súa sesión da data 29/05/2017).

O expediente de contratación, por procedemento aberto con un único criterio de valoración (factor prezo) e con tramitación ordinaria, o prego de cláusulas administrativas particulares e o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 332.619.01, aprobáronse pola Xunta de Goberno Local na sesión celebrada na data 26/10/2017.

A licitación anunciouse no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 207, da data 31/10/2017, no Perfil de Contratante do Concello (na Plataforma de Contratos Públicos de Galicia), na mesma data, e no diario La Voz de Galicia na súa edición da data 08/11/2017.

A vista do informe emitido polo administrativo adscrito a oficina de contratación José Manuel Fernández Dios, na data 08/01/2018, e da documentación




existente na Oficina de Contratación, consta que a esta contratación presentaron as súas ofertas os seguintes licitadores:

- 1) Servicios Integrales de Gestión y Mantenimiento S.A.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 17/11/2017, co número 18257.
- 2) Tarrío y Suarez S.L.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 20/11/2017, co número 18309.
- 3) Covisam Norte S.L.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 24/11/2017, co número 18664.
- 4) Excavaciones Nima S.L.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 27/11/2017, co número 18694.
- 5) Espacios Arquitectónicos DMLAR S.L.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 27/11/2017, co número 18720.
- 6) Construcciones y Proyectos Abilleira S.L.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 29/11/2017, co número 18918, presentada a través da oficina de correos na data 27/11/2017.
- 7) Denuevo Punto Creativo S.L.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 29/11/2017, co número 18920, presentada a través da oficina de correos na data 27/11/2017.
- 8) Sergonsa Servicios S.L.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 29/11/2017, co número 18925, presentada a través da oficina de correos na data 27/11/2017.
- 9) Construcciones Siber Ordes S.L.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 29/11/2017, co número 18930, presentada a través da oficina de correos na data 27/11/2017.
- 10) Construcións Secundino Ramos S.L.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 29/11/2017, co número 18936, presentada a través da oficina de correos na data 24/11/2017.
- 11) Asturcón Obras y Construcciones S.L.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 29/11/2017, co número 18950, presentada a través da oficina de correos na data 27/11/2017.
- 12) CYS Hispania S.L.- Oferta que foi rexistrada de entrada na data 01/12/2017, co número 19057, presentada a través da oficina de correos na data 27/11/2017.

Unha vez realizada a apertura dos sobres "A", de documentación administrativa simplificada de cada un dos licitadores que presentaron a súa oferta a esta contratación, e logo do estudio da documentación aportada, a Mesa de Contratación na súa reunión da data 09/01/2018, acordou:

A.- Declarar admitidas a esta licitación ás empresas Servicios Integrales de Gestión y Mantenimiento S.A., Tarrío y Suarez S.L., Covisam Norte S.L., Excavaciones Nima S.L., Espacios Arquitectónicos DMLAR S.L., Construcciones y Proyectos Abilleira S.L., Denuevo Punto Creativo S.L., Sergonsa Servicios S.L., Construcciones Siber Ordes S.L., Construcións Secundino Ramos S.L. e Asturcón Obras y Construcciones S.L.

B.- Requerir ó licitador CYS Hispania S.L, para que, no prazo improrrogable de 3 días hábiles (contado desde ó día seguinte, inclusive, ó da recepción do requirimento que se lle envíe), de conformidade co artigo 81.2 do Real Decreto





1.098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas e a cláusula 15 do Prego de cláusulas administrativas particulares reitor deste expediente, presente o xustificante acreditativo de ter ingresado na Caixa Municipal o importe de 60,00 euros, correspondente á taxa para tomar parte na contratación, baixo apercibimento de exclusión definitiva se no prazo concedido non procede á emenda da documentación.

O requirimento realizouse por medio de escrito da alcaldía que se rexistrou de saída na data 12/01/2018, e que foi notificado por correo electrónico.

Unha vez rematado o prazo de emenda, e á vista da nova documentación aportada, a Mesa de Contratación, na súa reunión da data 19/01/2018, acordou dar por cumprido o requirimento de emenda dos defectos ou omisións observados na súa documentación administrativa, e declarar admitida a esta licitación á empresa CYS Hispania S.L.

A continuación procedeuse pola Mesa de Contratación a celebrar o acto público de apertura dos sobres "C" (ofertas económicas) de cada un dos licitadores admitidos a esta contratación, dando o resultado seguinte:

<i>Licitador</i>	<i>Orzamento base (sen IVE)</i>
Servicios Integrales de Gestión y	21.000,00 €
Tarrío y Suarez S.L.	21.881,98 €
Covisam Norte S.L.	18.598,00 €
Excavaciones Nima S.L.	23.139,55 €
Espacios Arquitectónicos DMLAR S.L.	19.500,00 €
Construcciones y Proyectos Abilleira S.L.	19.283,50 €
Denuovo Punto Creativo S.L.	21.668,13 €
Sergonsa Servicios S.L.	21.913,00 €
Construcciones Siber Ordes S.L.	18.085,15 €
Construcións Secundino Ramos S.L.	20.887,35 €
Asturcón Obras y Construcciones S.L.	24.298,17 €
CYS Hispania S.L.	17.014,04 €

Visto que, unha vez realizadas as operacións correspondentes respecto das ofertas económicas dos licitadores presentados e admitidos á licitación, resulta que as ofertas presentadas polas empresas CYS Hispania S.L., Construcciones Siber Ordes S.L. e Covisam Norte S.L., deben ser consideradas, en principio, como anormais ou desproporcionadas, a Mesa de Contratación, na súa mesma reunión de data 19/01/2018, acordou requirir ás citadas empresas para que no prazo máximo de 5 días naturais xustificasen as súas respectivas ofertas.

Dentro do prazo concedido presentaron documentación para xustificar a súas ofertas económicas as tres empresas requiridas.

Con data 15/02/2018 a enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira emitiu ~~informe sobre a documentación presentada polas empresas para xustificar a~~



temeridade das súas ofertas presentadas na licitación da obra "Obras de reparación e mellora do corpo de aseos da biblioteca municipal, emprazada na rúa do xornalista Manuel Lustres Rivas nº 20, 2º piso. Riveira.", no que conclúe que:

"Atendendo á documentación aportada polos ofertantes, considerase que:

Na documentación presentada polas empresas CYS Hispania, S.L. e Covisam Norte, S.L. expoñen os motivos que o levaron a realizar a súa oferta, relacionando os prezos dos provedores, das unidades de obra, indicando tamén a maquinaria, medios auxiliares e persoal de que dispoñen para executar a obra, así como o volume de obra xa contratada, polo que se estima debidamente xustificada a oferta presentada.

A documentación presentada por Siber Ordes, S.L. non se considera suficiente para xustificar a súa oferta."

E segundo o exposto propón "aceptar a xustificación da baixa temeraria presentada polas empresas CYS Hispania, S.L. e Covisam Norte, S.L. e excluír á empresa Siber Ordes, S.L. do proceso de licitación".

Á vista do citado informe, tendo en conta os antecedentes expostos e vista a cláusula 16 de Prego de cláusulas administrativas particulares reitor da contratación.

Vista a proposta formulada pola Mesa de Contratación na súa reunión da data 21/02/2018.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 01/07/2015, **ADOPTA OS SEGUINTE ACORDOS:**

PRIMEIRO.- De acordo co informe asinado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 15/02/2018 e considerando a documentación aportada polas empresas como xustificación das súas ofertas:

- a. Considerar xustificadas as ofertas económicas presentadas polas empresas "CYS Hispania S.L." e "Covisam Norte S.L."
- b. Por non considerar suficiente a documentación presentada como xustificación da súa oferta, non considerar xustificada a oferta económica presentada pola empresa "Construcciones Siber Ordes S.L.", excluíndoa, polo tanto, da licitación.

SEGUNDO.- De acordo co disposto no artigo 151, apartado 1, do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, **clasificar, por orde decrecente de valoración, as proposicións que resultaron admitidas á contratación da "Reparación e mellora do corpo de aseos da Biblioteca municipal (Riveira)", do seguinte xeito:**

Orde	Licitador	Orzamento base (sen IVE)
1º	CYS Hispania S.L.	17.014,04 €





2º	Covisam Norte S.L.	18.598,00 €
3º	Construcciones y Proyectos Abilleira S.L.	19.283,50 €
4º	Espacios Arquitectónicos DMLAR S.L.	19.500,00 €
5º	Construcións Secundino Ramos S.L.	20.887,35 €
6º	Servicios Integrales de Gestión y	21.000,00 €
7º	Denuovo Punto Creativo S.L.	21.668,13 €
8º	Tarrío y Suarez S.L.	21.881,98 €
9º	Sergonsa Servicios S.L.	21.913,00 €
10º	Excavaciones Nima S.L.	23.139,55 €
11º	Asturcón Obras y Construcciones S.L.	24.298,17 €

TERCEIRO.- De conformidade co establecido no artigo 151, apartado 2, do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, requirir a empresa “CYS Hispania S.L.”, que é a empresa licitadora que resultou clasificada en primeiro lugar, para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel en que reciba a notificación do correspondente requirimento, presente no Rexistro Xeral de Entrada deste Concello a documentación que se indica nas cláusulas 16.1 e 12.1.1 do prego de cláusulas administrativas particulares (excepto a xa presentada na documentación simplificada).

De conformidade co disposto no artigo 146.5 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, o momento decisivo para apreciar a concorrencia dos requisitos de capacidade e solvencia esixidos para contratar coa Administración será o de finalización do prazo de presentación de proposicións.

De non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose neste caso a solicitar a mesma documentación ó licitador seguinte, pola orde en que quedaron clasificadas as ofertas.

5.- PRÓRROGA DO CONTRATO ASINADO CON “RECYGES, S.L.” PARA A “PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DE COLABORACIÓN NA XESTIÓN RECADATORIA MUNICIPAL EN PERÍODO EXECUTIVO E NA XESTIÓN ADMINISTRATIVA E RECADACIÓN DAS MULTAS DE TRÁFICO E OUTRAS SANCIÓN DO CONCELLO DE RIVEIRA”.

A Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada na data 17/12/2015, acordou adxudicar o contrato para a “prestación dos servizos de colaboración na xestión recadatoria municipal en período executivo e na xestión administrativa e recadación das multas de tráfico e outras sancións do Concello de Riveira” á empresa “Recyges, S.L.” (CIF B81093288).

O correspondente contrato formalizouse en documento administrativo na data 29/02/2016.



CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

A cláusula segunda do contrato, en relación coas cláusulas 3 dos Pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados pola Xunta de Goberno Local na súa sesión da data 16/04/2015, establece:

“Dentro dos límites que sinala o TRLCSP 3/2011, de 14 de novembro, a duración do contrato será de DOUS ANOS desde a data da súa sinatura, prorrogable por mutuo acordo expreso das partes antes da finalización daquel, sen que a duración total do contrato, incluídas as prórrogas, poida exceder de CATRO anos, sempre que as partes non denuncien o mesmo cunha antelación de ao menos tres meses á finalización do contrato ou de calquera das súas prórrogas.

Non obstante, se a data de vencemento da vixencia do contrato ou das súas prórrogas, no seu caso, non coincidise con algún período de rendición obrigatoria de contas, entenderase automaticamente prorrogado o presente contrato ata o día do vencemento dos ditos períodos, na totalidade das cláusulas e estipulacións do mesmo.

Así mesmo, á finalización dos traballos queda establecido un período de garantía de dous anos durante os cales o Concello poderá requirir á empresa adjudicataria aos efectos de aclarar cantos extremos se precisen acerca dos traballos realizados.”

Con data 06/02/2018 tivo entrada no Rexistro Xeral do Concello, co número 1.631, un escrito da empresa contratista solicitando a prórroga do contrato.

Con data 18/02/2018, o tesoureiro municipal José Antonio Rueda de Valenzuela emitiu o informe 13/18, no que conclúe e propón:

PRIMEIRO.- *Prorrogar o contrato de servizos de colaboración administrativa na xestión recadatoria municipal en período executivo e na xestión administrativa e recadación das multas de tráfico e outras sancións do concello de Riveira, formalizado entre o Concello de Riveira e a empresa RECAUDACIÓN Y GESTIÓN SL (CIF nº B81093288) en data 29/02/16.*

SEGUNDO.- *Dar traslado á empresa deste acordo, xunto co informe da Tesourería, a fin de que poidan ser tomadas en consideración as advertencias contidas no mesmo ao respecto da seguinte prórroga do contrato.*

Con data 19/02/2018, o interventor Pablo Bao Castro emitiu informe favorable de fiscalización previa e limitada.

Vistos os antecedentes citados,

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 01/07/2015, **adopta o seguinte acordo:**

PRIMEIRO.- Prorrogar polo período de un ano o contrato asinado coa empresa “RECYGES, S.L.” (NIF B81093288) para a “prestación dos servizos de colaboración na xestión recadatoria municipal en período executivo e na xestión administrativa e recadación das multas de tráfico e outras sancións do Concello de Riveira”.

SEGUNDO.- Dar traslado á empresa “RECYGES, S.L.” do informe 13/18 do



tesoureiro municipal, da data 18/02/2018, a fin de que pola mesma poidan ser tomadas en consideración as advertencias contidas no mesmo ao respecto da seguinte prórroga do contrato, no seu caso.

6.- DEVOLUCIÓN DA FIANZA DEPOSITADA POLA EMPRESA “EXCAVACIONES NIMA, S.L” PARA RESPONDER DO CONTRATO DE “RENOVACIÓN DE SERVIZOS E PAVIMENTACIÓN DA RÚA DA CONCHA E TRANSVERSAL (CASTIÑEIRAS)”.

Visto o expediente de contratación tramitado por este Concello para realizar as obras do proxecto “RENOVACIÓN DE SERVIZOS E PAVIMENTACIÓN DA RÚA DA CONCHA E TRANSVERSAL (CASTIÑEIRAS)”.

A adxudicación realizouse por acordo da Xunta de Goberno Local, adoptado na súa sesión celebrada na data 13/11/2014, a favor da empresa “EXCAVACIONES NIMA, S.L” (NIF B-15405335), e o correspondente contrato asinouse na data 27/11/2014.

Para responder da boa execución do contrato a empresa depositou unha garantía definitiva de 6.016,15 euros, segundo Carta de Pago expedida polo Departamento de Contabilidade do Concello da data 10/11/2014 (nº de operación 2014 33008798), xustificativa de constitución de aval de Abanca.

A Acta de recepción das obras formalizouse na data 10/04/2015.

Tendo en conta que transcorreu o prazo de garantía para responder da boa execución do contrato.

Vistos os informes emitidos pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira, como directora das obras, da data 21/02/2018, e polo interventor Pablo Bao Castro, da data 21/02/2018, ámbolos dous favorables á cancelación e devolución da garantía definitiva depositada pola empresa para responder da execución do contrato.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 01/07/2015, **adopta o seguinte acordo:**

A cancelación e devolución da garantía definitiva de 6.016,15 euros constituída por **“EXCAVACIONES NIMA, S.L” (NIF:B-15405335)**, para responder da execución do contrato **“RENOVACIÓN DE SERVIZOS E PAVIMENTACIÓN DA RÚA DA CONCHA E TRANSVERSAL (CASTIÑEIRAS)”**.

7.- DEVOLUCIÓN DA FIANZA DEPOSITADA POLA EMPRESA “CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO, S.L” PARA RESPONDER DO CONTRATO DE “MELLORA DO FIRME DE CAMIÑOS EN NÚCLEOS RURAIS DO CONCELLO DE RIVEIRA”.



Visto o expediente de contratación tramitado por este Concello para realizar as obras do proxecto “MELLORA DO FIRME DE CAMIÑOS EN NÚCLEOS RURAIS DO CONCELLO DE RIVEIRA”.

A adxudicación realizouse por acordo da Xunta de Goberno Local, adoptado na súa sesión celebrada na data 01/04/2015, a favor da empresa “CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO, S.L” (NIF B-15293145), e o correspondente contrato asinouse na data 13/04/2015.

Para responder da boa execución do contrato a empresa depositou unha garantía definitiva de 2.629,34 euros, segundo Carta de Pago expedida polo Departamento de Contabilidade do Concello da data 24/03/2015 (nº de operación 2015.33001188), xustificativa de constitución de seguro nº 4.128.109 de crédito e caución.

A Acta de recepción das obras formalizouse na data 03/09/2015.

Tendo en conta que transcorreu o prazo de garantía para responder da boa execución do contrato.

Vistos os informes emitidos pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira, como directora das obras, da data 14/02/2018, e polo interventor Pablo Bao Castro, da data 16/02/2018, ámbolos dous favorables á cancelación e devolución da garantía definitiva depositada pola empresa para responder da execución do contrato.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 01/07/2015, **adopta o seguinte acordo:**

A cancelación e devolución da garantía definitiva de 2.629,34 euros constituída por “CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO, S.L” (NIF:B-15293145), para responder da execución do contrato “MELLORA DO FIRME DE CAMIÑOS EN NÚCLEOS RURAIS DO CONCELLO DE RIVEIRA”.

8.- DEVOLUCIÓN DA FIANZA DEPOSITADA POLA EMPRESA “MALGA, S.L” PARA RESPONDER DO CONTRATO DE “SUBMINISTRACIÓN E INSTALACIÓN DUN TRANSFORMADOR E INSTALACIÓN ASOCIADA PARA O NOVO MERCADO MUNICIPAL”.

Visto o expediente de contratación tramitado por este Concello para realizar as obras do proxecto “SUBMINISTRACIÓN E INSTALACIÓN DUN TRANSFORMADOR E INSTALACIÓN ASOCIADA PARA O NOVO MERCADO MUNICIPAL”.

A adxudicación realizouse por acordo da Xunta de Goberno Local, adoptado na súa sesión celebrada na data 10/12/2015, a favor da empresa “MALGA, S.L” (NIF B-15079874), e o correspondente contrato asinouse na data 28/12/2015.



Para responder da boa execución do contrato a empresa depositou unha garantía definitiva de 2.606,29 euros, segundo Carta de Pago expedida polo Departamento de Contabilidade do Concello da data 24/11/2015 (nº de operación 2015.33008543), xustificativa de constitución de aval do Banco Caixa Geral, S.A.

A Acta de recepción das obras formalizouse na data 05/01/2017.

Tendo en conta que transcorreu o prazo de garantía para responder da boa execución do contrato.

Vistos os informes emitidos pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira, como directora das obras, da data 19/02/2018, e polo interventor Pablo Bao Castro, da mesma data, ámbolos dous favorables á cancelación e devolución da garantía definitiva depositada pola empresa para responder da execución do contrato.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 01/07/2015, **adopta o seguinte acordo:**

A cancelación e devolución da garantía definitiva de 2.606,29 euros constituída por "**MALGA, S.L**" (NIF:B-15079874), para responder da execución do contrato "**SUBMINISTRACIÓN E INSTALACIÓN DUN TRANSFORMADOR E INSTALACIÓN ASOCIADA PARA O NOVO MERCADO MUNICIPAL**".

9.- DEVOLUCIÓN DA FIANZA DEPOSITADA POLA EMPRESA "CONSTRUCCIONES ANSPAL, S.L" PARA RESPONDER DO CONTRATO DE "SANEAMENTO NO LUGAR DE SOBRIDO (OLEIROS)".

Visto o expediente de contratación tramitado por este Concello para realizar as obras do proxecto "SANEAMENTO NO LUGAR DE SOBRIDO (OLEIROS)".

A adxudicación realizouse por acordo da Xunta de Goberno Local, adoptado na súa sesión celebrada na data 31/03/2016, a favor da empresa "CONSTRUCCIONES ANSPAL, S.L" (NIF B-15985187), e o correspondente contrato asinouse na data 06/04/2016

Para responder da boa execución do contrato a empresa depositou unha garantía definitiva de 6.945,00 euros, segundo Carta de Pago expedida polo Departamento de Contabilidade do Concello da data 22/03/2016 (nº de operación 2016.33001557), xustificativa de constitución de aval del Banco Pastor, inscrito no Rexistro Especial de Avals co número 8.198-688.

A Acta de recepción das obras formalizouse na data 30/12/2016.

Tendo en conta que transcorreu o prazo de garantía para responder da boa execución do contrato.

Vistos os informes emitidos pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira, como directora das obras, da data 14/02/2018, e polo interventor Pablo Bao Castro, da data 16/02/2018, ámbolos dous favorables á cancelación e devolución da



garantía definitiva depositada pola empresa para responder da execución do contrato.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 01/07/2015, **adopta o seguinte acordo:**

A cancelación e devolución da garantía definitiva de 6.945,00 euros constituída por “CONSTRUCCIONES ANSPAL, S.L” (NIF:B-15985187), para responder da execución do contrato “SANEAMENTO NO LUGAR DE SOBRIDO (OLEIROS)”.

10.- DEVOLUCIÓN DA FIANZA DEPOSITADA POLA EMPRESA “AUTOMATISMO Y CONTROL DE TRÁFICO, S.L” PARA RESPONDER DO CONTRATO DE “SUBMINISTRACIÓN E INSTALACIÓN DE SINALIZACIÓN SEMAFÓRICA NA AVENIDA MIGUEL RODRÍGUEZ BAUTISTA (RIVEIRA), NAS INTERSECCIÓN COA RÚA MARIÑO DE RIVERA E COA RÚA CANARIAS”.

Visto o expediente de contratación tramitado por este Concello para realizar as obras do proxecto “SUBMINISTRACIÓN E INSTALACIÓN DE SINALIZACIÓN SEMAFÓRICA NA AVENIDA MIGUEL RODRÍGUEZ BAUTISTA (RIVEIRA), NAS INTERSECCIÓN COA RÚA MARIÑO DE RIVERA E COA RÚA CANARIAS”.

A adxudicación realizouse por acordo da Xunta de Goberno Local, adoptado na súa sesión celebrada na data 26/02/2015, a favor da empresa “AUTOMATISMO Y CONTROL DE TRÁFICO, S.L” (NIF B-32317547), e o correspondente contrato asinouse na data 27/02/2015.


Para responder da boa execución do contrato a empresa depositou unha garantía definitiva de 2.644,90 euros, segundo Carta de Pago expedida polo Departamento de Contabilidade do Concello da data 25/02/2015 (nº de operación 2015.33000837), xustificativa de constitución de aval do Banco Santander nº 0049 1138 42 2110000040.

A Acta de recepción das obras formalizouse na data 12/03/2015.

Tendo en conta que transcorreu o prazo de garantía para responder da boa execución do contrato.

Vistos os informes emitidos pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira, como directora das obras, da data 19/02/2018, e polo interventor Pablo Bao Castro, da mesma data, ámbolos dous favorables á cancelación e devolución da garantía definitiva depositada pola empresa para responder da execución do contrato.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 01/07/2015, **adopta o seguinte acordo:**





A cancelación e devolución da garantía definitiva de 2.644,90 euros constituída por "AUTOMATISMO Y CONTROL DE TRÁFICO, S.L" (NIF:B-32317547), para responder da execución do contrato "SUBMINISTRACIÓN E INSTALACIÓN DE SINALIZACIÓN SEMAFÓRICA NA AVENIDA MIGUEL RODRÍGUEZ BAUTISTA (RIVEIRA), NAS INTERSECCIÓN COA RÚA MARIÑO DE RIVERA E COA RÚA CANARIAS".

IV.- DECRETOS DE AVOCACIÓN DE COMPETENCIA.

Non se presenta ningún decreto para a súa dación de conta

V.- AUTORIZACIÓNS DEMANIAIS

RENUNCIA DE BEATRIZ GÓMEZ MONTEAGUDO AO DESPACHO Nº 10 DO VIVEIRO DE EMPRESAS

Visto o "Contrato de cesión de despacho no Viveiro de Empresas propiedade do Concello de Riveira, situado no lugar de Fafián nº 29 de Riveira", asinado o 01/09/2016 entre D. Manuel Ruiz Rivas, alcalde do Concello de Riveira e D^a. Beatriz Gómez Montegudo, no que se lle cede o despacho sinalado co número 10 e no que se recolle na súa cláusula Tereceira: "Para resolver o contrato anticipadamente ao vencemento contratado O CESIONARIO deberá notificalo ao Concello de Riveira, de xeito fidedigno ata o 15 do mes anterior ao que vaia a surtir efectos a baixa".

Visto o escrito presentado por D^a. Beatriz Gómez Monteagudo de data 15/02/2018, con data de entrada neste concello o 15/02/2018 e número de entrada 201800002069, no que **expón** que *"Siendo usuaria de la oficina nº 10 del Vivero de Empresas situado en el lugar de Fafián nº 29, manifiesta su deseo de no continuar utilizando dicho inmueble, siendo el mes de febrero 2018 el último en el que se dispondrá el uso de dicho local"* e no que **solicita** *"Que se tenga por presentado esta comunicación y surta efectos desde la fecha de presentación del mismo"*.

Por todo o exposto, visto o informe con proposta de resolución emitido ao respecto pala Técnico de Desenvolvemento Local, María Paz Vidal, de data 19/02/2018, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Autorizar a baixa no Viveiro de Empresas de Beatriz Gómez Monteagudo que ocupaba o despacho número 10 con data de efectos do 28/02/2018, xa que como establece o seu contrato a baixa hai que avisala ata o 15 do mes anterior ao que vaia a surtir efectos.

Notifíquese á interesada e dese conta aos departamentos de Intervención e Tesourería deste Concello, para os efectos oportunos.



VI.- LICENZAS DE ACTIVIDADE.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

VII.- LICENZAS URBANÍSTICAS.

1.- Visto o escrito presentado por Valentín Homero Muñiz Pérez en representación da **Comunidade de Propietarios da Avenida Rosalía de Castro nº 25**, de data 09/01/2018 (Rexistro de entrada nº 265), no que solicita **modificado da licenza de obras (nº 57/17)** para **instalación de ascensor** en edificación existente na Avda Rosalía de Castro nº 25, Riveira en parcela con refª catastral nº 0615604NH0101N.

A **Xunta de Goberno Local**, atendendo á documentación obrante no expediente, visto o informe técnico favorable emitido polo Arquitecto Municipal, Alberto Iglesias Fungueiriño, de data 12/01/2018, e visto informe xurídico con proposta de resolución do Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 12/02/2018, por unanimidade dos membros presentes, **ACORDA**:

PRIMEIRO.- CONCEDER á COMUNIDADE DE PROPIETARIOS DA AVENIDA DE ROSALÍA DE CASTRO Nº 25, **MODIFICADO DA LICENZA DE OBRAS (Nº 57/17)** para **INSTALACIÓN DE ASCENSOR** en edificación existente sita na Avda Rosalía de Castro nº 25, Riveira en parcela con refª catastral nº 0615604NH0101N, nos termos do Proxecto Básico e de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de data 22 de decembro de 2017 redactado polo Sr. Ramón Blas Tojo, (arquitecto Col. nº 2.107).

SEGUNDO.- A obra iniciárase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

TERCEIRO.- Unha vez concluída a obra o interesado deberá solicitar a preceptiva licenza municipal de primeira ocupación debendo actualizar os datos catastrales a efectos da actualización do Imposto sobre Bens Inmóveis (I.B.I. art. 60 a 77 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais).

CUARTO.- Teranse en conta as seguintes condicións xerais:

- *A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintarase con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo.*



no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido ó tránsito.

- *A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.*
- *Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.*
- *O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.*
- *Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).*
- *Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.*
- *A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentarase a correspondente solicitude.*
- *A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimentos dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.*
- *Procederase con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participarase a data da súa iniciación.*
- *As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.*
- *Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".*
- *Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.*





QUINTO.- Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de Riveira. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós condutores dos automóviles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

SEXTO.- Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

SÉTIMO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Riveira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

OITAVO.- O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

NOVENO.- Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*



VIII.- INFORMACIÓNS URBANÍSTICAS.

1.- Visto o escrito presentado por Francisco Manuel Ubeda Sánchez en representación de **Aguas de las Cuencas de España**, de data 14/02/2018 (Rexistro de entrada nº 1.815), no que solicita compatibilidade urbanística do proxecto de optimización da ventilación e tratamento de olores dos tanques de tormentas de Areeiros, Ameixida, Castiñeiras e da AR-3 (Lugar de Couso), de Riveira.

A **Xunta de Goberno Local**, visto o informe técnico emitido polo Arquitecto Municipal, Alberto Iglesias Fungueiriño, de data 21/02/2018, por unanimidade dos membros presentes, acorda informar ao solicitante como segue:

Vista la solicitud y la documentación anexa aportada por el solicitante, examinada la legislación urbanística y el Plan Xeral de Ordenación Municipal de Riveira (PXOM) aprobado al amparo de la Lei 1/1997 do Solo de Galicia, informamos lo siguiente:

1.- De acuerdo con la ordenación operada por el planeamiento municipal vigente (PXOM) las siguientes localizaciones, y que afectan a los puntos de intervención, tienen las clasificación urbanística que a continuación se describe:

a.- Localización de los tanques de tormentas de **Areeiros**:

Suelo urbano consolidado (uso característico:residencial) y dentro de la zona de servidumbre de Costas (20 metros).

- Acompañamos plano de clasificación urbanística a escala 1/5.000.

b.- Localización de los tanques de tormentas de **Ameixida**:

Suelo urbano consolidado (uso característico:residencial) y dentro de la zona de servidumbre de Costas (20 metros).

- Acompañamos plano de clasificación urbanística a escala 1/5.000.

c.- Localización de los tanques de tormentas de **Castiñeiras**:

Suelo urbano. Zona portuaria y bajo la tutela del organismo autonómico de "Portos de Galicia".

- Acompañamos plano de clasificación urbanística a escala 1/5.000.

d.- Localización de los tanques de tormentas AR3, en **Couso**:

Suelo rústico de protección ordinaria.

- Acompañamos plano de clasificación urbanística a escala 1/5.000.

2.- Y en relación a la compatibilidad urbanística referente a las actuaciones realizadas en los distintos puntos relacionados en el apartado anterior, y que tienen por objeto realizar los oportunos ajustes en las distintas instalaciones, debemos de significar que las obras se ajustan a las legalmente permitidas, tanto por el



planeamiento municipal vigente, como por la legislación urbanística y de protección del medio rural.

2.- Visto o escrito presentado por **José Manuel Cores Sieira**, de data 14/02/2018 (Rexistro de entrada nº 1.954), no que solicita certificación urbanística de que a edificación situada en Outeiro, Artes, está finalizada desde hai máis de 6 anos e non ten pendente sobre ela expediente de reposición de legalidade urbanística.

A **Xunta de Goberno Local**, visto o informe técnico emitido polo Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 19/02/2018, por unanimidade dos membros presentes, acorda informar ao solicitante como segue:

REF. CATASTRAL Nº: 15074A00100258000KL e 15074A001002600000KP

Revisados os arquivos obrantes nesta Administración dende o 1 de xaneiro de 2000 ata o día da data, infórmase que non consta pendente de resolver ningún expediente de disciplina urbanística que afecte á edificación sita en parcela con refª catastral nº 15074A00100258000KL e 15074A001002600000KP, sita no Lugar de Outeiro, Artes, Riveira, propiedade do Sr. José Manuel Cores García (DNI 76.516.071-Q)

IX.- LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

X.- LICENZAS DE SEGREGACIÓN.

RESOLUCIÓN EN RELACIÓN Á SOLICITUDE DE LICENZA DE SEGREGACIÓN DE PARCELAS - CONSTRUCCIONES SIEIRA 2014 S.L.

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo Urbano Ordenanza 1ª Residencial Intensiva Colectiva de Manzana.

SITUACIÓN: Rúa Mariño de Rivera – Rúa Barbanza, Riveira.

REFª CATASTRAL: 0416516NH0101N00000D.

PARCELA MATRIZ: Parcela libre de edificación, con refª catastral nº 0416516NH0101N00000D, inscrita no Rexistro da Propiedade de Noia; Datos rexistrais: Folio 192 do tomo 1282 do arquivo, libro 358 de Riveira, Finca 31.392, 2ª inscrición, que de acordo coas escrituras de propiedade conta cunha superficie de 1.049,30 m², de acordo co levantamento taquimétrico segundo medición realizada e contemplada no Proxecto a superficie da finca é de 1.050,00 m² que linda: Norte Rua Mariño de Ribera; Sur Propiedade



de Construcións Mirón e Gutiérrez Pontevedra, S.A.; Leste Rúa Barbanza; Oeste Propiedade de "Laxe de Riveira, S.L." e "Promocor Inversiones, S.L."

PARCELAS RESULTANTES TRAS A SEGREGACIÓN:

PARCELA A de 465,45 m² que linda: Norte Rua Mariño de Ribera; Sur parcela B resultante da segregación; Leste Rúa Barbanza; Oeste Rúa de nova apertura segundo o PXOM (terreo de cesión).

PARCELA B de 260,95 m² que linda: Norte parcela A resultante da segregación; Sur Propiedade de Construcións Mirón e Gutiérrez Pontevedra, S.A.; Leste Rúa Barbanza; Oeste Rúa de nova apertura segundo o PXOM (terreo de cesión).

SUPERFICIE DE CESIÓN A VIAIS: Deberá ceder a dominio e uso público os terreos necesarios para a apertura ou regularización do viario preciso da zona afectada por aliñeacións establecidas polo planeamento, que segundo o arquitecto e a enxeñeira municipal comprende unha superficie total de cesión de 323,60 m², de acordo coa documentación gráfica e escrita aportada do seguinte xeito;

En relación á PARCELA RESULTANTE A pola Rúa Mariño de Ribera obtemos unha cesión para viario de 2,40 m²; pola Rúa Barbanza obtemos unha cesión para viario de 49,90 m²; pola Rúa de Nova Apertura obtemos unha cesión para novo viario de 155,20 m²; (superficie total de cesión PARCELA RESULTANTE A é de 207,50 m²).

En relación á PARCELA RESULTANTE B pola Rúa Barbanza obtemos unha cesión para viario de 28,10 m²; pola Rúa de Nova Apertura obtemos unha cesión para novo viario de 88,00 m²; (superficie total de cesión PARCELA RESULTANTE B é de 116,10 m²).

PROMOTOR/A: CONSTRUCCIONES SIEIRA 2014 S.L. (CIF B-70436605).

AUTOR/A PROXECTO: Sr. Manuel Peleteiro Bandín, (arquitecto col. nº 128).

PROXECTO: Estudio Técnico de Segregación de Parcelas con sinatura dixital de data 27 de novembro de 2017 / Estudio Técnico de Segregación de Parcelas con sinatura dixital de data 22 de xaneiro de 2018 / Estudio Técnico de Segregación de Parcelas con sinatura dixital de data 29 de xaneiro de 2018 / Escritura de Propiedade.

Visto o expediente de referencia e tendo en conta os seguintes

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO.- Pola entidade CONSTRUCCIONES SIEIRA 2014 S.L. (CIF B-70436605), solicitábase, en escrito rexistrado de entrada na data 29 de novembro de 2017, (Rexistro de entrada nº 19.095), licenza de segregación de parcela con refª catastral nº 0416516NH0101N00000D, sita na Rúa Mariño de Rivera – Rúa Barbanza, Riveira, achegándose Estudio Técnico de Segregación de Parcelas de outubro de 2017 redactado polo Sr. Manuel Peleteiro Bandín, (arquitecto col. nº 128).

SEGUNDO.- O Arquitecto Municipal Alberto Iglesias Fungueiriño emite informe técnico desfavorable na data 16 de xaneiro de 2018, sinalando a necesidade de efectuar corrección no proxecto presentado.

TERCEIRO.- Pola entidade CONSTRUCCIONES SIEIRA 2014 S.L. (CIF B-70436605), preséntase para adxuntar ao expediente en escrito rexistrado de entrada na data 23 de xaneiro de 2018, (Rexistro de entrada nº 932), Estudio Técnico de Segregación de Parcelas con sinatura dixital de data 22 de xaneiro de



2018 redactado polo Sr. Manuel Peleteiro Bandín, (arquitecto col. nº 128) así como Escritura de Propiedade.

CUARTO.- Posteriormente pola entidade CONSTRUCCIONES SIEIRA 2014 S.L. (CIF B-70436605), preséntase para adxuntar ao expediente en escrito rexistrado de entrada na data 29 de xaneiro de 2018, (Rexistro de entrada nº 1.207), Estudio Técnico de Segregación de Parcelas con sinatura dixital de data 29 de xaneiro de 2018 redactado polo Sr. Manuel Peleteiro Bandín, (arquitecto col. nº 128).

QUINTO.- Por último o Arquitecto Municipal Alberto Iglesias Fungueiriño emite informe con sinatura dixital de data 29 de xaneiro 2018 no que analiza en *sentido favorable a segregación proxectada*, sinalando que en cada unha das novas parcelas resultantes se cumpren as determinacións e parámetros urbanísticos da Lei do Solo de Galicia e do Planeamento Municipal co seguinte tenor literal:

“
(...)”

ASUNTO: SOLICITUDE DE LICENZA MUNICIPAL DE SEGREGACIÓN DUNHA PARCELA EMPRAZADA NA RÚA MARIÑO DE RIBERA-RÚA BARBANZA, RIVEIRA.

SOLICITANTE: MANUEL SIEIRA SAMPEDRO

ENTRADA Nº: 19005 (30.11.207) e 00932 (23.01.2018)

REF. CAT.: 0416516NH0101N00000D

INFORME:

■ OBXECTO DA PRESENTE SOLICITUDE

Vista a solicitude de licenza municipal, o proxecto técnico redactado polo arquitecto Manuel Peleteiro Bandín, así como a documentación complementaria presentada con data de entrada de 23.01.2018, así como a documentación complementaria presentada con data de 29.01.2018 (n.r.e.: 01207) en relación co asunto arriba referido, examinada a lexislación urbanística e o Plan Xeral de Ordenación Municipal de Riveira (PXOM) vixentes, cómpre informar o seguinte:

1.- A solicitude presentada pretende a segregación dunha parcela, de acordo coa documentación técnica aportada. Tamén se aporta copia da escritura da propiedade, e estando a mesma inscrita no Rexistro da propiedade.

2.- A parcela obxecto do presente expediente de segregación aséntanse sobre un ámbito clasificado polo PXOM como solo urbano consolidado, e sédolle de aplicación a ordenanza 1 do PXOM, definindo un fondo edificable de 17 metros, e comprendidos sobre os aliñamentos fixados polo PXOM sobre a parcela obxecto de segregación.

3.- A superficie da parcela é de 1.050 m2.

Faise constar que as parcelacións urbanísticas e segregacións, ademais de axustarse ó planeamento municipal vixente, están suxeitas ó contido nos artigos 148 a 150 da Lei 2/2016 do solo de Galicia.

A realidade dos predios aquí descritos tómake como válida ós efectos de tramitar a presente segregación, e tamén de acordo coas escrituras aportadas.

■ CONDICIÓN XERAIS PARA AS PARCELACIÓNS URBANÍSTICAS.





De conformidade co establecido no artigo 93 do RD 3288/1978 do 25 de agosto, polo que se aproba o Regulamento de Xestión Urbanística e o 204 e seguintes da Lei 2/2016 do solo de Galicia, a parcelación ou segregación, constitúese como instrumento para determinar a parcela mínima edificable, fixándose a prohibición de obter e adjudicarse como fincas independentes superficies que non cumpran este requisito e non reúnan a configuración e características adecuadas para súa edificación conforme ao planeamento.

SEGREGACIÓN:

1.- DESCRICIÓN DA PARCELA MATRIZ:

- Referencia catastral: 0416516NH0101N00000D
- Superficie: 1.050 m², segundo recente medición, e en escrituras aportadas: 1.049,30 m².
- Clasificación urbanística: solo urbano. Ordenanza: 1 PXOM.

Lindes:

- Norte:** Rua Mariño de Ribera.
- Sur:** Propiedade de Construcións Mirón e Gutiérrez Pontevedra, S.A.
- Leste:** Rúa Barbanza.
- Oeste:** Propiedade de "Laxe de Riveira, s.l." e "Promocor Inversiones, S.L."

- Parcela libre de edificación.

NOTA: Consta inscrita no Rexistro da Propiedade de Noia.

Datos rexistrais: Folio 192 do tomo 1282 do arquivo, libro 358 de Riveira.

Finca 31.392, 2ª inscrición.

2.- DESCRICIÓN DAS PARCELAS RESULTANTES:

A partires da parcela matriz definida no apartado anterior, realízase unha segregación da mesma, quedando como resultado dúas parcelas edificables (fincas A e B, respectivamente), tal e como se describen na documentación gráfica aportada, e unha serie de sub-parcelas de cesión adscritas aos tres viais que rodean á parcela orixinal, acadando unha superficie total de cesión de 323,60 m²; a saber:

.- FINCA A.

- Superficie neta: **465,45 m²**
- Clasificación urbanística: solo urbano. Ordenanza: 1 PXOM.

Lindes:

- Norte:** Rua Mariño de Ribera.
- Sur:** Finca B a segregar e propiedade de "Construciones Sieira 2014"
- Leste:** Rúa Barbanza
- Oeste:** Rúa de nova apertura segundo PXOM (terreo de cesión)

.- FINCA B.

- Superficie neta: **260,95 m²**
- Clasificación urbanística: solo urbano. Ordenanza: 1 PXOM.

Lindes:

- Norte:** Finca A, descrita anteriormente, e propiedade de "Construciones Sieira 2014"
- Sur:** Propiedade de Construcións Mirón e Gutiérrez Pontevedra, S.A.
- Leste:** Rúa Barbanza.
- Oeste:** Rúa de nova apertura segundo PXOM (terreo de cesión).

.- TERREOS DE CESIÓN, POR AFECCIÓN DOS ALIÑAMENTOS OFICIAIS.

Superficie total de cesión: 323,60 M², e que se compón das seguintes sub- parcelas, de acordo coa documentación gráfica e escrita aportada:



a.- AFECCIÓN POLA RÚA MARIÑO DE RIBERA:

1.- Como resultado da segregación da finca A e ata completar a rúa con un ancho de 12 metros, obtemos unha cesión para viario de **2,40 m2**. Esta sup-parcela ten os seguintes lindes ou límites:

- .- Norte: Rúa Mariño de Ribera.
- .- Sur: Finca A deste segregación, ou tamén denominada como 1ª fase.
- .- Leste: Rúa Barbanza.
- .- Oeste: Rúa de nova apertura proxectada polo PXOM.

b.- AFECCIÓN POLA RÚA BARBANZA:

1.- Como resultado da segregación da finca A e ata completar a rúa con un ancho de 14 metros, obtemos unha cesión para viario de **49,90 m2**. Esta sup-parcela ten os seguintes lindes ou límites:

- .- Norte: Rúa Mariño de Ribera.
- .- Sur: terreo de cesión Finca B, ou tamén denominada como 2ª fase.
- .- Leste: Rúa Barbanza.
- .- Oeste: Finca A desta segregación, ou tamén denominada 1ª fase

2.- Como resultado da segregación da finca B e ata completar a rúa con un ancho de 14 metros, obtemos unha cesión para viario de **28,10 m2**. Esta sup-parcela ten os seguintes lindes ou límites:

- .- Norte: terreo de cesión Finca A, ou tamén denominada como 1ª fase.
- .- Sur: Propiedade de Construcións Mirón e Gutiérrez Pontevedra, S.A.
- .- Leste: Rúa Barbanza.
- .- Oeste: Finca B deste segregación, ou tamén denominada 2ª fase.

c.- AFECCIÓN POLA RÚA DE NOVA APERTURA PROXECTADA POLO PXOM

Terreo de cesión total para novo viario de **243,20m2**, ao longo do linde leste da parcela matriz, e que se descompón do seguinte xeito e que afectan ás dúas parcelas segregadas edificables (Finca A e finca B):

1.- Como resultado da segregación da Finca A obtemos unha cesión para novo viario de **155,20 m2**. Esta sup-parcela ten os seguintes lindes ou límites:

- .- Norte: Rúa Mariño de Ribera.
- .- Sur: terreo de cesión Finca B, ou tamén denominada como 2ª fase.
- .- Leste: Finca A desta segregación, ou tamén denominada 1ª fase
- .- Oeste: Propiedade de "Laxe de Riveira, s.l." e "Promocor Inversiones, S.L."

2.- Como resultado da segregación da Finca B obtemos unha cesión para novo viario de **88,00 m2**. Esta sup-parcela ten os seguintes lindes ou límites:

- .- Norte: Terreo de cesión da finca A, ou tamén denominada 1ª fase.
- .- Sur: Propiedade de Construcións Mirón e Gutiérrez Pontevedra, S.A.
- .- Leste: Finca B desta segregación, ou tamén denominada 2ª fase
- .- Oeste: Propiedade de "Laxe de Riveira, s.l." e "Promocor Inversiones, S.L."

E xa a amodo de resumen, no seguinte cadro reflíctese o cadro resumen de superficies das parcelas segregadas edificables, así como a total de cesión para viario municipal, a saber:

.- FINCA A. SUPERFICIE NETA:	465,45 m2
.- FINCA B. SUPERFICIE NETA:	260,95 m2



- SUPERFICIE TOTAL DE CESIÓN: 323,60 M2
TOTAL SUPERFICIE PARCELA MATRIZ: 1.050,00 M2

CONCLUSIÓN:

Considérase que a parcelación proposta cumpre co disposto na lexislación urbanística vixente, así como cos parámetros urbanísticos fixados no planeamento municipal, polo que se informa **FAVORABLEMENTE** a solicitude ós efectos oportunos.

Riveira, 29 de xaneiro de 2018.
Asdo.: Alberto Iglesias Fungueiriño.
Arquitecto Municipal.

(...)

“

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO.- A parcela obxecto da segregación clasifícanse no Plan Xeral de Ordenación Urbana do Concello de Riveira, aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación Municipal en sesión celebrada na data 17.12.02, publicado no B.O.P. de data 14.01.03 e no D.O.G. do 20.03.03, como **SOLO URBANO CON ORDENANZA 1ª RESIDENCIAL INTENSIVA COLECTIVA DE MANZANA.**

SEGUNDO.- O procedemento de outorgamento de licenzas ven regulado no artigo 143 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, onde se establece que as licenzas outorgaranse de acordo coas previsións da lexislación e do planeamento urbanísticos, en ningún caso se entenderán adquiridas por silencio administrativo facultades ou dereitos que contraveñan a ordenación territorial ou urbanística.

A competencia para outorgar as licenzas correspóndelles aos municipios, segundo o procedemento previsto na lexislación de réxime local. As peticións de licenza resolverase no prazo de tres meses, contado desde a presentación da solicitude coa documentación completa no rexistro do Concello.

Para o outorgamento da licenza solicitada serán preceptivos os informes técnicos e xurídicos municipais sobre a súa conformidade coa legalidade urbanística.

As solicitudes de licenzas que se refiran á execución de obras ou instalacións deberá achegarse proxecto técnico completo redactado por técnico competente, na forma e co contido que se determine regulamentariamente.

Unha vez presentado ante o concello, o proxecto adquire o carácter de documento público, e o seu autor responde da exactitude e veracidade dos datos técnicos consignados nel.

A estes efectos no expediente consta Estudio Técnico de Segregación de Parcelas con sinatura dixital de data 27 de novembro de 2017, Estudio Técnico de Segregación de Parcelas con sinatura dixital de data 22 de xaneiro de 2018, Estudio Técnico de Segregación de Parcelas con sinatura dixital de data 29 de xaneiro de 2018 redactados polo Sr. Manuel Peleteiro Bandín, (arquitecto col. nº 128) así como Escritura de Propiedade.



Transcurrido este prazo sen se comunicar ningún acto, terá os efectos establecidos de conformidade co disposto nos artigos 21 e ss da Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas.

TERCEIRO.- O artigo 148 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia dispón que considerarase parcelación urbanística a división de terreos en dous ou máis lotes a fin da súa edificación.

CUARTO.- O artigo 149 da LSG establece que no solo rústico non se poderán realizar segregacións, agás no suposto de execución de infraestruturas e dotacións e no caso de parcelas vinculadas a instalacións ou explotacións que fosen declaradas de utilidade pública e beneficiarias de expedientes de expropiación.

No obstante, permítense segregacións coa finalidade de reorganizar a propiedade, sempre e cando non resulte un maior número de parcelas respecto do orixinariamente existente.

QUINTO.- O artigo 150 da LSG establece que non se poderán efectuar ningunha parcelación urbanística sen que previamente fose aprobado o planeamento urbanístico exixible segundo a clase de solo de que se trate e o instrumento de xestión correspondente. Queda prohibido en solo rústico a realización de parcelacións urbanísticas.

Non se poderá realizar ningunha parcelación que dea lugar a lotes de superficie ou dimensións inferiores ás determinadas como mínimas no planeamento, agás que os ditos lotes sexan adquiridos simultaneamente polos propietarios de terreos lindeiros co fin de agrupalos cos seus predios para constituir un novo.

Serán indivisibles as parcelas edificables conforme una relación determinada entre superficie de solo e superficie construíble, cando se edifique a correspondente a toda a superficie do solo, ou, no suposto de que se edifique a correspondente só a unha parte dela, a restante, se é inferior á parcela mínima, coas excepcións indicadas no apartado anterior.

En ningún caso se considerarán soares, nin se permitirá edificar neles, os lotes resultantes dunha parcelación efectuada con infracción das disposicións desta lei.

Toda parcelación urbanística, segregación ou división de terreos comportará a obriga da cesión dos terreos situados fóra das aliñacións establecidas polo planeamento.

Toda parcelación urbanística, segregación ou división de terreos quedará suxeita a licenza municipal, agás que o concello declare a súa innecesariedade. Será innecesario o outorgamento de licenza cando a división ou segregación sexa consecuencia de:

- a) A aprobación dun proxecto de compensación, reparcelación ou expropiación.
- b) A execución de infraestruturas e dotacións públicas.
- c) O outorgamento polo planeamento de distinta clasificación ou cualificación da parcela de orixe.

Os notarios e rexistradores da propiedade exixirán para autorizar e inscribir, respectivamente, escrituras de división de terreos resolución administrativa na que



se acredite o outorgamento da licenza municipal ou declaración da súa innecesariedade. artigo

SEXTO.- Establece o artigo 357 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia:

1. As peticións de licenza resolveranse no prazo de tres meses, contados desde a presentación da solicitude coa documentación completa no rexistro do concello (artigo 143.2 da LSG).

Ese prazo suspenderase de conformidade co disposto no artigo 354.2 así como nos casos previstos na lexislación sobre procedemento administrativo común das administracións públicas.

2. As licenzas outorgaranse de acordo coas previsións da lexislación e do planeamento urbanísticos vixentes no momento da súa concesión.

3. As resolucións sobre o outorgamento ou denegación de licenzas urbanísticas deben ser motivadas e congruentes co solicitado, con explícita referencia ás normas ou determinacións do planeamento que se incumpran.

4. A resolución mediante a cal se outorgue a licenza deberá consignar expresamente, ademais de calquera outra especificación requirida polas disposicións vixentes e o que o órgano competente considere oportuno incluír, os seguintes aspectos:

- a) Clasificación e cualificación urbanística do solo obxecto da actuación.
- b) Finalidade da actuación e uso a que se destinará.
- c) Altura, volumes e ocupación de parcela permitidos.
- d) Orzamento de execución material.
- e) Situación e localización das obras, coa súa identificación catastral ou coordenadas UTM, así como o número de predio rexistral, de encontrarse inscrito.
- f) Nome ou razón social da persoa promotora.
- g) Técnico autor do proxecto e, se é o caso, dirección facultativa das obras e técnico coordinador de seguridade e saúde.
- h) Prazos para o inicio e remate das obras e posibilidade de solicitar prórrogas.
- i) Calquera outro dato que se considere oportuno en aplicación da normativa aplicable e das condicións singulares en función da tipoloxía do acto de uso do solo ou do subsolo autorizado.

5. Concedida a licenza, selaranse e dilixenciaranse os distintos documentos e todos os planos que integran o proxecto técnico para a debida constancia do contido daquela.

6. Será requisito indispensable en todas as obras dispor, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores a colocación do cartel indicador en que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

SÉTIMO.- Establece o artigo 366 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro respecto as parcelacións urbanísticas:

Considerarase parcelación urbanística a división de terreos en dous ou máis lotes a fin da súa edificación (artigo 148 da LSG).





Para estes efectos, son parcelacións urbanísticas todas as divisións ou segregacións de terreos cando, con independencia da clase de solo no que se pretendan realizar, teñan como obxectivo levar a cabo ou facilitar os actos de utilización propios do solo urbano e a implantación de obras propias deste solo, por razón das características físicas dos terreos afectados, da súa delimitación por viais existentes ou de nova creación, da implantación de servizos urbanísticos ou das características das obras descritas na operación de división.

Artigo 367. División e segregación de predios en solo rústico

No solo rústico non se poderán realizar segregacións, agás no suposto de execución de infraestruturas e dotacións e no caso de parcelas vinculadas a instalacións ou explotacións que fosen declaradas de utilidade pública e beneficiarias de expedientes de expropiación.

No obstante, permítense segregacións coa finalidade de reorganizar a propiedade, sempre e cando non resulte un maior número de parcelas respecto do orixinariamente existente (artigo 149 da LSG).

OITAVO.- O artigo 368, define o réxime de parcelacións e divisións de terreos:

1. Non se poderá efectuar ningunha parcelación urbanística sen que previamente fose aprobado o planeamento urbanístico exixible segundo a clase de solo de que se trate e o instrumento de xestión correspondente. Queda prohibida en solo rústico a realización de parcelacións urbanísticas (artigo 150.1 da LSG).

2. Non se poderá realizar ningunha parcelación que dea lugar a lotes de superficie ou dimensións inferiores ás determinadas como mínimas no planeamento, agás que os ditos lotes sexan adquiridos simultaneamente polos propietarios de terreos lindeiros co fin de agrupalos cos seus predios para constituír un novo (artigo 150.2 da LSG).

3. Serán indivisibles as parcelas edificables conforme unha relación determinada entre superficie do solo e superficie construíble cando se edifique a correspondente a toda a superficie do solo, ou, no suposto de que se edifique a correspondente só a unha parte dela, a restante, se é inferior á parcela mínima, coas excepcións indicadas no punto anterior (artigo 150.3 da LSG).

4. En ningún caso se considerarán soares, nin se permitirá edificar neles, os lotes resultantes dunha parcelación efectuada con infracción das disposicións da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, e deste regulamento (artigo 150.4 da LSG).

5. Toda parcelación urbanística, segregación ou división de terreos comportará a obriga da cesión dos terreos situados fóra das aliñacións establecidas polo planeamento (artigo 150.5 da LSG).

O previsto neste punto debe entenderse consonte o previsto nos artigos 30 e 36 deste regulamento para o solo urbano e o solo de núcleo rural, respectivamente.

6. Toda parcelación urbanística, segregación ou división de terreos quedará suxeita a licenza municipal, agás que o concello declare a súa innecesariedade. Será innecesario o outorgamento de licenza cando a división ou segregación sexa consecuencia de:

a) A aprobación dun proxecto de compensación, reparcelación ou expropiación (artigo 150.6.a) da LSG).

b) A execución de infraestruturas e dotacións públicas (artigo 150.6.b) da LSG).



c) O outorgamento polo planeamento de distinta clasificación ou cualificación da parcela de orixe (artigo 150.6.c) da LSG).

7. Os notarios e rexistradores da propiedade exixirán para autorizar e inscribir, respectivamente, escrituras de división de terreos resolución administrativa na que se acredite o outorgamento da licenza municipal ou declaración da súa innecesariedade (artigo 150.7 da LSG).

8. Polo que se refire aos complexos inmobiliarios ou á construción de predios en réxime de propiedade horizontal aplicase o disposto na lexislación estatal vixente.

NOVENO.- O Real Decreto 1000/2010 de 5 de agosto establece os traballos profesionais que deben someterse a visado colexial obrigatorio, concretando asemade o réxime xurídico aplicable aos mesmos.

DÉCIMO.- Establece o artigo 65 do Real Decreto Lexislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana a obriga de inscrición de determinados actos administrativos no Rexistro da Propiedade.

DÉCIMO PRIMEIRO.- No caso que nos ocupa, e visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na Lexislación aplicable procedendo a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local, ao se-lo órgano municipal competente de conformidade co Decreto de delegación de competencias do alcalde na Xunta de Goberno Local de data 1 de xullo de 2015.

Polo anteriormente exposto da documentación obrante no expediente, visto o informe técnico favorable emitido polo Arquitecto Municipal Alberto Iglesias Fungueiriño na data 29 de xaneiro de 2018, e visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 16/02/2018, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- CONCEDER á entidade CONSTRUCCIONES SIEIRA 2014 S.L. a **LICENZA DE SEGREGACIÓN DE PARCELA (Nº 2/18)** con refª catstral nº 0416516NH0101N00000D sita na Rúa Mariño de Rivera – Rúa Barbanza, Riveira, solicitada nos termos do Estudio Técnico de Segregación de Parcelas con sinatura dixital de data 29 de xaneiro de 2018 redactado polo Sr. Manuel Peleteiro Bandín, (arquitecto col. nº 128), presentado en escrito rexistrado de entrada na data 29 de xaneiro de 2018, (Rexistro de entrada nº 1.207), resultando finalmente dous parcelas de modo que:

- **PARCELA MATRIZ:** Parcela libre de edificación, con refª catastral nº 0416516NH0101N00000D, inscrita no Rexistro da Propiedade de Noia; Datos rexistrais: Folio 192 do tomo 1282 do arquivo, libro 358 de Riveira, Finca 31.392, 2ª inscrición, que de acordo coas escrituras de propiedade conta cunha superficie de 1.049,30 m², de acordo co levantamento taquimétrico segundo medición realizada e contemplada no Proxecto a superficie da finca é de 1.050,00 m² que linda: Norte Rúa Mariño de Ribera; Sur Propiedade de



Construcións Mirón e Gutiérrez Pontevedra, S.A.; Leste Rúa Barbanza; Oeste Propiedade de "Laxe de Riveira, S.L." e "Promocor Inversiones, S.L."

- **PARCELAS RESULTANTES TRAS A SEGREGACIÓN:**
- **PARCELA A** de 465,45 m² que linda: Norte Rua Mariño de Ribera; Sur parcela B resultante da segregación; Leste Rúa Barbanza; Oeste Rúa de nova apertura segundo o PXOM (terreo de cesión).
- **PARCELA B** de 260,95 m² que linda: Norte parcela A resultante da segregación; Sur Propiedade de Construcións Mirón e Gutiérrez Pontevedra, S.A.; Leste Rúa Barbanza; Oeste Rúa de nova apertura segundo o PXOM (terreo de cesión).
- **SUPERFICIE DE CESIÓN A VIAIS:** Deberá ceder a dominio e uso público os terreos necesarios para a apertura ou regularización do viario preciso da zona afectada por aliñeacións establecidas polo planeamento, que segundo o arquitecto e a enxeñeira municipal comprende unha superficie total de cesión de 323,60 m², de acordo coa documentación gráfica e escrita aportada do seguinte xeito; En relación á **PARCELA RESULTANTE A** pola Rúa Mariño de Ribera obtemos unha cesión para viario de 2,40 m²; pola Rúa Barbanza obtemos unha cesión para viario de 49,90 m²; pola Rúa de Nova Apertura obtemos unha cesión para novo viario de 155,20 m²; (superficie total de cesión **PARCELA RESULTANTE A** é de 207,50 m²). En relación á **PARCELA RESULTANTE B** pola Rúa Barbanza obtemos unha cesión para viario de 28,10 m²; pola Rúa de Nova Apertura obtemos unha cesión para novo viario de 88,00 m²; (superficie total de cesión **PARCELA RESULTANTE B** é de 116,10 m²).

SEGUNDO.- En atención ao artigo 65 do Real Decreto Legislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana, a eficacia de dita regularización de parcelas **QUEDA SUBORDINADA Á ELEVACIÓN DO ACTO ADMINISTRATIVO E FORMALIZACIÓN EN ESCRITURA PÚBLICA E INSCRIPCIÓN NO REXISTRO DA PROPIEDAD QUE INCLUIRÁ A SUPERFICIE DE CESIÓN.**

Deberá ceder a dominio e uso público os terreos necesarios para a apertura ou regularización do viario preciso da zona afectada por aliñeacións establecidas polo planeamento, que segundo o arquitecto e a enxeñeira municipal comprende unha superficie total de cesión de 323,60 m², de acordo coa documentación gráfica e escrita aportada do seguinte xeito; En relación á **PARCELA RESULTANTE A** pola Rúa Mariño de Ribera obtemos unha cesión para viario de 2,40 m²; pola Rúa Barbanza obtemos unha cesión para viario de 49,90 m²; pola Rúa de Nova Apertura obtemos unha cesión para novo viario de 155,20 m²; (superficie total de cesión **PARCELA RESULTANTE A** é de 207,50 m²). En relación á **PARCELA RESULTANTE B** pola Rúa Barbanza obtemos unha cesión para viario de 28,10 m²; pola Rúa de Nova Apertura obtemos unha cesión para novo viario de 88,00 m²; (superficie total de cesión **PARCELA RESULTANTE B** é de 116,10 m²).

Asimesmo deberá completar a dotación de servizos mínimos urbanísticos previa o simultaneamente coa futura construción da edificación ata as aliñacións e no seu caso reforzalos ata os puntos de rede suficiente.



TERCEIRO.- O prazo de caducidade da licenza é de 3 anos contados a partir da notificación da licenza, podendo ser declarada a caducidade pola administración municipal logo de procedemento con audiencia do interesado, (artigo 145 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia).

CUARTO.- Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

XI.- RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

XII.- VAOS PERMANENTES.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

XIII.- OUTROS ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.

1.- Visto o escrito presentado por **José Crujeiras Sampedro**, de data 16/02/2018 (Rexistro de entrada nº 2.118), no que solicita a instalación dunha zona de estacionamento para carga/descarga na Rúa Abesadas, nº 13 de Riveira (Establecemento comercial denominado Innova).

A Xunta de Goberno Local, visto o informe policial de data 17/02/2018 emitido en sentido favorable pola Policía Local, por unanimidade dos presentes, acorda:



Autorizar a instalación dunha zona de estacionamento para carga/descarga na Rúa Abesadas, nº 13 de Riveira, con horario restrixido só de mañás en días laborables. Durante o horario de utilización da zona reservada so pode ser ocupada por furgonetas rotuladas destinadas ao transporte de mercancías ou camións cun peso máximo de 12.000 Kg por un tempo máximo de 30 minutos, según a Ordenanza de Circulación do Concello de Riveira, según o sinalado no citado informe.

RESOLUCIÓN RELATIVA Á TRANSFERENCIA DE MAQUINARIA DOS SERVICIOS DE RECOLLIDA DE RESIDUOS E LIMPEZA VIARIA Á NOVA EMPRESA CONCESIONARIA RECOLTE SERVICIOS Y MEDIO AMBIENTE, S.A.U.

Visto o asunto de referencia e tendo en conta os seguintes

ANTECEDENTES

O Pleno do Concello, en sesión extraordinaria e urxente celebrada o día 5 de maio de 2015, entre outros acorda adxudicar á empresa RECOLTE SERVICIOS Y MEDIOAMBIENTE, S.A.U. (NIF A285792589), o *Contrato de xestión do servizo público de limpeza pública urbana, recollida e transporte de residuos sólidos urbanos (excluída a fracción de vidro), e xestión do punto limpo, mediante a modalidade de concesión, no Concello de Riveira*, nas seguintes condicións contractuais: Prezo total ANUAL do contrato: 1.697.453,44 euros (Valor estimado total anual: 1.543.139,49 €; IVA 10%: 154.313,95 €).

A entidade mercantil URBASER, S.A. mediante escrito presentado ante o Rexistro Xeral do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais (en adiante TACRC), de data 18 de xuño de 2015, interpón recurso especial en materia de contratación contra o acordo de adxudicación de 5 de maio de 2015, adoptado polo Pleno do Concello de Riveira. Este recurso tramítase baixo o número 681/2015.

O TACRC, mediante resolución núm. 703/2015, acorda estimar o recurso interposto por URBASER, S.A. contra o acordo de adxudicación do contrato de "CONTRATO DE XESTIÓN DO SERVIZO PÚBLICO DE LIMPEZA PUBLICA URBANA, RECOLLIDA E TRANSPORTE DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS (EXCLUÍDA A FRACCIÓN DE VIDRO) E XESTIÓN DO PUNTO LIMPO" adoptado polo Pleno do Concello en sesión celebrada na data do 5 de maio de 2015, anulando dito acordo de adxudicación e declarando a nulidade de pleno Dereito de todo o procedemento de licitación podendo iniciarse un novo procedemento no que se corrixa as infraccións legais apreciadas.

RECOLTE SERVICIOS Y MEDIOAMBIENTE, S.A.U., e o propio Concello de Riveira, interpuxeron recursos ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (Sala do Contencioso-Administrativo) contra a resolución do TACRC de 24 de xullo de 2015,



que foron estimados segundo sentenza 686/2016, de 2 de decembro de 2016, pola que se declara que a resolución do TACRC non é conforme a dereito e anúlase.

Contra dita sentenza URBASER, S.A. presentou recurso de casación ante o Tribunal Supremo, que acordou a inadmisión a trámite mediante providencia de data 25 de abril de 2017.

Na data do 1 de setembro de 2017 RECOLTE SERVICIOS Y MEDIOAMBIENTE, S.A.U. comezou a prestar os servizos obxecto da concesión.

Na data do 19 de febreiro de 2018 a actual concesionaria dos servizos dirixe un correo electrónico á Oficina de Medio Ambiente deste Concello solicitando que por parte da Xunta de Goberno Local se adopte un acordo no que se faga referencia exclusivamente á transferencia de maquinaria á empresa concesionaria, co fin de que a Dirección Xeral de Tráfico acepte resolver o expediente en tramitación para o cambio.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS/TÉCNICAS

O artigo 32 do *Prego de cláusulas técnicas para a contratación do contrato de xestión de servizo público que terá por obxecto os servizos de limpeza pública urbana, recollida e transporte de residuos sólidos urbanos, excluída a fracción de vidro, e xestión do punto limpo do Concello de Riveira* establecía que o licitador debería dispoñer de vehículos de reserva para garantir a prestación do servizo en caso de avarías, podendo estar formado o material de reserva por equipos que estaban naquel momento en servizo.

No Anexo X do *Prego de cláusulas técnicas* recóllese a relación de maquinaria existente adscrita á concesión.

Na acta de entrega da maquinaria, material e instalacións de data 31 de agosto de 2017, na que comparecen Manuel Emilio Pérez Outeiral (2º Tenente de Alcalde do Concello de Riveira), Luis Guede Mosquera (en representación de RECOLTE SERVICIOS Y MEDIOAMBIENTE, S.A.U.), e o que subscribe o presente informe, Ignacio Luis Fernández Veiga (Técnico Municipal de Medio Ambiente), o Concello de Riveira deixa reflectido que pon a disposición de RECOLTE SERVICIOS Y MEDIOAMBIENTE, S.A.U. determinada maquinaria e bens para a prestación dos servizos obxecto da concesión.

Atendendo ao exposto, vista a proposta (nº 02-2018) emitida ao respecto polo Técnico de Administración Xeral, Ignacio Luis Fernández Veiga, de data 20/02/2018, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

Informar de que o Pleno do Concello de Riveira, en sesión extraordinaria e urxente celebrada o día 5 de maio de 2015, entre outros acordou adxudicar á empresa RECOLTE SERVICIOS Y MEDIOAMBIENTE, S.A.U. (NIF A285792589), o *Contrato de xestión do servizo público de limpeza pública urbana, recollida e*



transporte de residuos sólidos urbanos (excluída a fracción de vidro), e xestión do punto limpo, mediante a modalidade de concesión, no Concello de Riveira.

Tal e como consta na acta de entrega da maquinaria, material e instalacións, de data 31 de agosto de 2017, asinada entre representantes do Concello de Riveira e da empresa adxudicataria do contrato, o Concello de Riveira puxo a disposición da concesionaria determinada maquinaria e bens para a prestación dos servizos obxecto da concesión, entre a que se atopa a seguinte maquinaria:

VEHÍCULO	MARCA/MODELO	DESCRIPCIÓN
3095 FRN	Piaggio VESACAR TM	Motocarro
4805 FRT	Mercedes Benz 1829	Recolector carga trasera 16 m ³
5677 FRT	Mercedes Benz 1829	Recolector carga trasera 16 m ³
7517 BKZ	Mercedes Benz 1828	Recolector carga trasera 16 m ³
8185 DRT	Iveco ML150 E21K	Camión lavacontenedores
9236 FLZ	Renault KANGOO	Renault kangoo
C 114398 VE	Hilovisa TAURO T TTE	Remolque Limpiaplayas
C 114640 VE	Fiat 100 90 SDT	Tractor
C 1454 CB	Nissan PATROL	Nissan Patrol
C 5173 CB	Vesparcar APE CAJ/LARGA II	Piaggio
C 9759 BX	Iveco ML150 E18	Cisterna 7 m ³
E 3785 BFM	Johnston CW 200 BALDEADORA	Baldeadora de aceras
E 4920 BDF	Karcher ICC 1 D	Barredora 1 m ³

SOLICITUDES DE SUBVENCIONES.

1.- Vista a proposta presentada polo **Concelleiro Delegado de Promoción e Dinamización Económica, Manuel Emilio Pérez Outeiral**, de data 20/02/2018, en relación á Orde do 19 de xaneiro de 2018 *da Consellería de Economía, Emprego e Industria, pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a contratación de persoal técnico para a realización de actividades de orientación laboral no exercicio 2018.* (DOG nº 28, do 08/02/2018)

Vista a documentación que consta no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Solicitar á Consellería de *Economía, Emprego e Industria* unha subvención para a prórroga da contratación da Técnico de Orientación Laboral, Carolina Pampín Perez, durante un período de 12 meses, por importe de 25.000€, para sufragar parte dos custos salariais, incluída a cotización empresarial á Seguridade Social.



2.- Vista a proposta presentada polo **Alcalde, Manuel Ruiz Rivas**, de data 20/02/2018, en relación á Orde do 27 de decembro de 2017 da Consellería de Economía, Emprego e Industria, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, das axudas encamiñadas á habilitación e mellora de infraestruturas dos parques empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2018 (código procedemento IN519B). (DOG Nº 12, do 17/01/2018).

Visto o proxecto redactado pola enxeñeira municipal D^a Uxía Landeira Pereira, de data febreiro 2018, que leva por título "Renovación de beirarrúas nun tramo da Avenida Ramiro Carregal. Polígono Industrial de Xarás (Riveira)", cun orzamento total de 107.531,13 €.

Vista a documentación que consta no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

- Solicitar unha axuda do 80% do importe total considerado como subvencionable, ao abeiro da orde citada anteriormente para acometer a seguinte actuación: "Renovación de beirarrúas nun tramo da Avenida Ramiro Carregal. Polígono Industrial de Xarás (Riveira)".
- Facultar ao Sr. Alcalde D. Manuel Ruiz Rivas para actuar en representación do Concello de Riveira e formular a correspondente solicitude de axuda.

3.- Vista a proposta presentada pola **Concelleira Delegada de Cultura, M^a Herminia Pouso Maneiro**, de data 19/02/2018, relativa ao acordo da Xunta de Goberno Local deste Concello de data 25/01/2018, no que se acordou solicitar unha axuda, ao abeiro da *"Convocatoria do programa de subvencións a concellos e entidades locais para a contratación de persoal técnico en xestión cultural e/ou animación sociocultural, durante o ano 2018"*, para o Programador de Exposicións (Persoal técnico en xestión cultural, grupo II) e a Programadora de Actividades Culturais (Persoal técnico en animación sociocultural, grupo III).

Visto o requerimento de emenda de documentación da Diputación da Coruña que tivo entrada neste concello o 15/02/2018 co número de rexistro 2.064 no que nos requiren que: *"Desestimento dunha das solicitudes presentadas"*, xa que nos fan saber que *"Para que un concello poida presentar máis de unha solicitude por subvención ten que figurar expresamente nas bases reguladoras (...)"*

Vista a documentación que consta no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**



- Renunciar á solicitude de “Mantemento de persoal técnico en Animación Sociocultural”

RESOLUCIÓN RELATIVA Á INADMISIÓN DA SOLICITUDE PARA A ACTUACIÓN “MELLORA DE ACCESIBILIDADE AO MIRADOIRO “PEDRA DA RÁ”: ITINERARIOS, PRAZAS DE APARCAMENTO, SINALIZACIÓN E MAQUETA”- (Orde 21 de xullo de 2017; subvencións accesibilidade 2017-2018), Expte 34-2017.BS701A-AC

Dase conta e lectura á Xunta de Goberno Local dunha proposta da Alcaldía do seguinte tenor literal:


VISTA a notificación cursada con data 5 de febreiro de 2018 pola Subdirección Xeral de Promoción da Autonomía Persoal e Prevención da Dependencia (orde 21 de xullo de 2017; subvencións accesibilidade 2017-2018), Expte 34-2017.BS701A-AC, pola que se inadmite a solicitude formulada polo Concello de Riveira para a actuación “MELLORA DE ACCESIBILIDADE AO MIRADOIRO “PEDRA DA RÁ”: ITINERARIOS, PRAZAS DE APARCAMENTO, SINALIZACIÓN E MAQUETA”, inadmisión que se fundamenta en que a devandita actuación non ten natureza subvencionable ao abeiro da orde reguladora.

CONSIDERANDO que de acordo co previsto no artigo 23 de orde en función do disposto nos artigos 112 e ss da Lei 39/2015, do 1 de outubro, contra esta resolución, cabe recurso potestativo de reposición ante a Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade

CONSIDERANDO que o Concello de Riveira non está conforme coa mesma polos motivos que se expoñen, a Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade dos seus membros:

Primeiro:-Interpoñer en tempo e forma recurso de reposición ante a Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade contra a resolución cursada con data 5 de febreiro de 2018 pola Subdirección Xeral de Promoción da Autonomía Persoal e Prevención da Dependencia (orde 21 de xullo de 2017; subvencións accesibilidade 2017-2018), Expte 34-2017.BS701A-AC, pola que se inadmite a solicitude formulada polo Concello de Riveira para a actuación “MELLORA DE ACCESIBILIDADE AO MIRADOIRO “PEDRA DA RÁ”: ITINERARIOS, PRAZAS DE APARCAMENTO, SINALIZACIÓN E MAQUETA”, inadmisión que se fundamenta en que a devandita actuación non ten natureza subvencionable ao abeiro da orde reguladora, e polos seguinte motivos:

-Ante el informe realizado por la Consellería, sobre el proyecto para la mejora de la accesibilidad del Mirador de Pedra da Rá, donde se alega que los recorridos peatonales no cumplen el ancho mínimo de 1,80mts exigidos por el decreto de la Xunta de Galicia, 35/2000 del 28 de Enero del 2000 nos compete aclarar lo siguiente:





1. En Junio de 2016, la asociación COGAMI -Confederación Galega de Persoas con Discapacidades- realizou una inspección al estado del mirador realizando unas sugerencias de diseño que son las que han dado lugar a este proyecto de mejora de la accesibilidad al mirador da "Pedra da Rá".

2. El citado mirador, está ya construido y la mayor parte de él cumple con la normativa de accesibilidad, existiendo sin embargo en él algunos puntos que no cumplen con el decreto de accesibilidad y otros que siendo accesibles presentan un tipo de pavimento que generaba cierta inestabilidad en el movimiento de una silla de ruedas pero que es perfectamente compatible con los criterios del decreto. Para los puntos de difícil accesibilidad se proponen nuevos caminos y para los de pavimento incómodo se proponen una mejora puntual de pavimento.

3. Para los puntos del espacio del mirador que no cumplen con los criterios de accesibilidad se han proyectado unos nuevos caminos incluidos en este proyecto, tramo C del plano entregado. Esos nuevos caminos tienen un ancho mínimo de 2,7 mts excediendo claramente el ancho mínimo marcado por el citado decreto.

4. A mayores de los nuevos caminos se proponen un cambio de tipo de pavimento en algunos puntos para la mejora del movimiento de las personas en sillas de ruedas, por lo que las cotas que aparecen en el plano presentado, no miden el único espacio transitable por un minusválido si no simplemente los anchos de los nuevos materiales introducidos.

Tras la ejecución del proyecto presentado todos los puntos del mirador accesibles para cualquier minusválido excederán en bastante los 1,8mts definidos en el citado decreto. Se han acotado los nuevos materiales introducidos para poder realizar un presupuesto económico y valorar la actuación pero no pretendían acotar el espacio transitable por un minusválido y ello entendemos ha dado lugar a equívocos al interpretar el plano entregado.

5. Los nuevos materiales introducidos en el mirador actual quedan al mismo nivel que los ya existentes por lo que el espacio de movimiento del minusválido no se limita al marcado con rojo en el citado proyecto sino que es mucho mayor superando en mucho los 1,8mts citados, llegando como mínimo a los 2mts -se adjuntan fotos de los espacios existentes marcando la propuesta-

6. Adjuntamos un nuevo plano donde en rojo se marcan los nuevos caminos y los nuevos pavimentos introducidos y en azul los pavimentos existentes que quedan al mismo nivel que los nuevos, para poner de manifiesto que no existe barrera de ningún tipo entre ambos, siendo el espacio de movimiento de cualquier minusválido las zonas marcadas en rojo como las marcadas en azul.

7. Se adjuntan fotos del estado actual, donde se puede comprobar como existen cambios de tipo de pavimento en el mismo espacio pero nunca una barrera o desnivel entre los distintos pavimentos, siendo toda la plataforma accesible para cualquier minusválido





El nuevo pavimento sería la banda de 1,5mts marcada en rojo, pero el espacio de movimiento del minusválido es mucho mayor, siendo como mínimo igual a los 2 mts en cualquier punto de pavimento liso y continuo pero superándolo ampliamente en la gran mayoría de los casos.



Espacio transitable por el minusválido tras la actuación con pavimento continuo y liso: 3mts



Por cuanto antecede, SOLÍCITASE que, téñase por presentado este escrito e sírvase admitilo, tendo por interposto Recurso de Reposición contra a Resolución mencionada no sentido de rectificala accedendo ao solicitado por esta parte.

Enterados/os os/as Sres/as concelleiros/a do contido da proposta da Alcaldía, a Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade dos seus membros aprobala mesma, quedando convertida en acordo en todos os seus termos.

A Presidencia levanta a sesión sendo as dez horas e corenta minutos do mesmo día, estendéndose a presente acta, da que, como secretario xeral, dou fe e certifico.

Riveira, vinte e dous de febreiro de 2018

O Alcalde

Manuel Ruiz Rivas

Dou fe, o secretario xeral

Juan Manuel Salguero del Valle